Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XIV - Nº 158. Marzo 2019. Distribución gratuíta

CentroComercialAberto
CCA Melide
ASETEM

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio

Deputación DA CORUÑA

EMPRESA
A pasarela de primavera do CCA Asetem será de carácter benéfico P3

MELIDE
As obras do cantón de San Roque rematarán este mes P8

LECER
Troula, cor e diversión na comarca durante o Entroido Pxs 18 e 19

ENTREVISTA

Ángeles e Mª Carmen Sánchez, Perfumería Lyss, P23

O Concello de Melide rexeita perder a Foliada e asume a organización

A alcaldesa de Melide, Dalia García, tenta non perder a Foliada e fai un chamamento aos grupos locais e de fóra para que se xunten o 28 de abril. A rexedora municipal anunciou durante un pleno extraordinario, celebrado a petición da oposición, que de non atopar un colectivo que se encargue do evento será o propio goberno local quen o organice. O BNG acúsaa de "usurpar ideas" e o PSdeG-PSOE ve nisto unha "manobra para destruír a Foliada e asumir vós a organización". P8

Multitudinaria concentración en Melide polo 8 de marzo

A concentración prevista para as oito da tarde con motivo do Día da Muller reuniu a centos de persoas na praza do Convento de Melide . P10

Santiso crea un rexistro de bens contra o despoboamento

Trátase dunha medida incluída dentro do programa Santiso en Pé coa que o goberno local persegue darlle unha vida máis ás casas e granxas do municipio. P13

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

29 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

www.asetem.com - Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Unha linguaxe clara

Un 8 de marzo non debería ser motivo de polémica, e moito menos motivo de división, sobre todo entre as mulleres. O 8 de marzo é o Día Internacional da Muller Traballadora, e debería ser o día de todos aqueles que loitan pola igualdade real de oportunidades entre homes e mulleres.

Pero ao igual que todo nos últimos tempos, tamén esta data se está a ver envolta en certa polémica; unha das máis chamativas a que ten que ver coa linguaxe que rodea ao movemento feminista. Quen non escoitou algunha vez iso de "eu non son machista nin feminista". Pois claro que non, que non o podes ser, máis que nada porque nada ten que ver un concepto con outro. Mentres que o machismo é unha "ideoloxía, comportamento ou actitude de quen defende a supremacía do macho e non acepta a igualdade de dereitos entre o home e a muller", o feminismo é a "doutrina que defende a igualdade de dereitos entre o home e a muller".

Máis incomprensible é aínda o uso do termo "feminazi" para referirse ao movemento feminista. A propia fiscal de violencia de xénero de Galicia, Pilar Fernández, censurou días atrás nunha entrevista na Cadena Ser o uso deste termo aludindo a que se asocian "unhas reivindicacións a uns comportamentos totalmente delituosos que nada teñen que ver", e engadiu que "este discurso é o que hai que erradicar porque fai que se desenfoque o problema e non se vexa a realidade".

Como alguén en pleno uso de todas as súas facultades mentais pode ser capaz de engadir a palabra "nazi" a un movemento que defende a igualdade de dereitos? E peor aínda, como se pode permitir a saída á rúa dun autobús coa imaxe de Hitler directamente relacionada con este movemento? Pero en que país vivimos?

Falta conciencia sobre un novo problema que estamos a crear, a instrumentalización e a demagoxia que se está a facer dun movemento que conseguiu importantes avances no pasado, pero que de seguir por este camiño acabará retrocedendo de novo.

O 8 de marzo serve para celebrar os avances conseguidos en materia de igualdade, pero debe servirnos sobre todo para seguir pelexando contra o machismo, para seguir loitando pola erradicación dun comportamento que nada ten que ver co feminismo. Teñamos claros os conceptos e deixémonos de demagoxia. A linguaxe é clara, así que sexámolo nós tamén.

Tribuna de opinión

Tempos de reflexión

Xunta Directiva de ASETEM-CCA

A ampliación do polígono industrial de Melide é un tema recorrente en cada campaña electoral. Como se dunha novela por capítulos se tratase, cada certo tempo fannos chegar un novo episodio; o último, que xa foi presentado na Xunta de Galicia o documento que inicia os trámites da modificación urbanística necesaria para a ampliación do parque empresarial.

As opcións recollidas en dito documento son dúas; por un lado intervir nos terreos próximos ao actual parque empresarial da Madanela, tendo en conta que se trata dunha zona afectada por Patrimonio Cultural e polo LIC Serra do Careón; e a outra proposta, levar adiante un polígono ata a periferia do núcleo urbano de Melide, ao carón da estrada autonómica AC-840.

Do mesmo xeito que xa manifestamos anos atrás, os empresarios cremos "innecesaria e cara" a creación dun novo parque industrial, e máis tendo en conta que nun futuro limitaría o crecemento tanto do casco urbano como do polígono. Así mesmo, consideramos excesiva a existencia de dous parques empresariais nun municipio como o de Melide. Non sería máis operativo contribuír ao desenvolvemento do actual, e de paso solucionar os continuos problemas de verteduras que padece?

O peor de todo é que pasan os anos e continúan os trámites sen obter un resultado concreto para o tecido empresarial de Melide. Nin se buscou a forma de atraer industria ao municipio nin se lle deu solución a unha futura ampliación.

Achéganse tempos de promesas, que ninguén se esqueza de que aínda temos un centro médico pendente; así que, máis que tempos de promesas, deberían achegarse tempos de reflexión.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Concha Viqueira
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Asociación Veciñal Melidá e Xosé Núñez
AGRADECEMENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez, Imprenta Meligraf
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- MELIDE.....8
- COMARCA.....13
- CULTURA E LECER.....18
- COLABORACIÓNS.....22
- ENTREVISTA.....23

A próxima edición do desfile Melide Está de Moda será benéfica

Asetem desvela a identidade dos participantes en *Cámbiame en Melide*

Eva Iglesias visitou de novo Melide para unha sesión fotográfica e interesouse en coñecer máis detalles sobre a campaña Cámbiame en Melide

Un desfile solidario a beneficio da Fundación Andrea; así será a próxima edición da pasarela Melide Está de Moda que o Centro Comercial Aberto Asetem organizará o vindeiro 4 de maio.

"Despois de barallar a posibilidade e consultar a súa viabilidade, para esta edición de primavera decidimos optar por un desfile de moda solidario", explicou Pilar López, xerente do CCA Asetem. "Levamos xa algunhas edicións apostando por unha pasarela de moda para presentar as coleccións tanto de primavera-verán como de outono-inverno dos nosos comercios asociados, máis que nada porque cremos que é unha boa opción á hora de dinamizar o comercio, e chegados a este punto, coa pasarela xa consolidada, quixemos dar un paso máis, así que pensamos que a mellor forma de facelo era apostando por unha causa benéfica", engadiu.

A falta duns meses para a celebración da pasarela, dende Asetem traballan na idea para perfilar os últimos detalles. "Temos que traballar aínda nalgúns aspectos, pero o que si podemos adiantar é que con anterioridade ao día do desfile repartiranse urnas benéficas nos establecementos comerciais de Melide para que todo aquel que desexe aportar algo poida facelo xa nas tendas", aclarou a xerente. A maiores, o día da pasarela tamén se colocarán urnas en diferentes puntos da Casa da Cultura de Melide.

Cámbiame en Melide

Hai unhas semanas a asociación de empresarios lanzaba, de xeito paralelo á pasarela de moda, a campaña Cámbiame en Melide; unha iniciativa consistente na busca de candidatos -homes e mulleres-, aos que asesorar para realizarlles un cambio de look integral con produtos do comercio asociado.

Rematados os castings, dende o CCA Asetem desvelaron a identidade dos seleccionados. Nesta primeira edición de Cámbiame en Melide as persoas elixidas para o cambio de look son Noelia Fariña, unha moza de Santiago de Compostela de 27 anos de idade; e Manuel Sánchez de 45 anos e María del Carmen López de 41, ambos de Melide.

Agora, nas semanas previas ao desfile, os tres seleccionados someteranse aos tratamentos estéticos, asesoramentos nutricionais e de imaxe, e demais accións necesarias para facer efectivo o cambio de look, cuxo resultado final se dará a coñecer sobre os escenario da Casa da Cultura o vindeiro 4 de maio.

Visita de Eva Iglesias

Tras renovar o seu contrato como imaxe co CCA Asetem un ano máis, a artista galega e colaboradora da TVG, Eva Iglesias, visitou de novo Melide para realizar unha sesión fotográfica nos comercios locais asociados a Asetem.

Eva Iglesias amosou interese por coñecer máis detalles sobre a campaña Cámbiame en Melide.

Despois de explicarlle o funcionamento da iniciativa, tanto Eva como os seleccionados amosáronse con ganas de "ver o resultado final", e loaron a iniciativa "diferente e divertida" posta en marcha pola asociación de empresarios para esta edición do Melide Está de Moda.

Case catro millóns de euros en axudas para o pequeno comercio

A Xunta activará nas vindeiras semanas un programa de axudas por valor de 3,8 millóns de euros para impulsar a dixitalización e a modernización do pequeno comercio. O conselleiro de Economía e Emprego, Francisco Conde, destacou que con este novo paquete de axudas os beneficiarios poderán desenvolver proxectos de modernización integral de locais ou implantar novas fórmulas de comercialización. En total, este ano a Xunta vai destinar 14,6 millóns de euros de xeito específico a este sector para beneficiar a máis de 6.000 establecementos. Como novidade, destinaranse máis de 600.000 euros a promover a *ecoinnovación*, buscando a sustentabilidade ambiental e a aposta por un sector comercial ligado ao coidado do contorno.

Transformación dixital nos Concellos

O presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, anunciou a posta en marcha dun novo programa, denominado PEL-Concello Dixital, co que o goberno provincial pretende impulsar a transformación dixital dos Concellos coruñeses en 2019. Trátase dunha nova liña, que conta cun orzamento de 693.209 euros, que permitirá a contratación de técnicos especialistas que darán soporte e formación ao persoal municipal, para acelerar así a implantación da e-administración nos 82 concellos coruñeses de menos de 20.000 habitantes. O equipo contará con expertos en aspectos como a contratación electrónica e procedemento administrativo, xestión documental e de arquivos, protección de datos ou tecnoloxías de comunicación.

www.floristeriamaru.es
floristeria.maru@gmail.com
Floristería Maru / María Cabado
Floristeria MARU
"Siempre hay flores para aquellos que desean verlas"
(Henri Matisse)
Rúa do Convento, 9
15800 · A Coruña
Tlfns. 981 50 75 80 / 607 50 75 79

EMPRENDEDORAS EN MELIDE

NURIA CARREIRA, *Meixela Centro de Estética* · *Tlfn.: 639 440 688*

TANIA ARIAS, *Dietista - Nutricionista* · *Tlfn.: 683 324 411*

Como coidarnos por dentro e por fóra

Un mesmo centro e dúas ideas complementarias como son a beleza e a nutrición; iso é o que comparten Nuria Carreira e Tania Arias en Meixela Centro de Estética; un lugar onde podemos coidarnos tanto por dentro como por fóra. Recentemente asociadas ao Centro Comercial Aberto Asetem, dende o Cerne quixemos charlar con elas para coñecer un pouco máis sobre o traballo que desenvolven.

- Como xurdiu Meixela?
- Nuria Carreira (N.C.): Estudei para isto e quería dedicarme a isto. Estiven traballando antes noutro centro pero ao acabar alí, estando no paro, a xente seguía demandando o meu traballo. Foi aí cando eu realmente decidín emprender, porque me din conta de que a xente me seguía pedindo que abrise o meu propio centro.

- Canto tempo hai que abriu as súas portas?
- N.C.: O 22 de febreiro cumprimos un ano.

- E que balance fai?
- N.C.: Moi ben, moi contenta a verdade.

- Que servizos atopamos en Meixela?
- N.C.: Todo o que é a estética en xeral, tanto corporal como facial. Mans, pés, e menos o que serían uñas de xel pois o tratamento de man completo, como por exemplo manicuras semipermanentes, manicura normal, e en pedicura igual. Tamén facemos maquillaxe e tratamentos faciais como hidratación e radiofrecuencia con Indiva, a Cápsula do tempo que engloba alta tecnoloxía con Dermacéutica e con Aparatoloxía, e en corporal traballamos tamén con Indiva para tratar a celulite e para remodelar a forma, sempre tendo en conta que non imos a baixar de peso pero si de volume. Para baixar de peso contamos con Tania, que é a especialista en dietética e nutrición; nós traballamos o corpo pero non a baixada de peso, feito que tamén nos animou a contar cunha especialista nese ámbito. Despois tamén temos presoterapia, facemos depilación con láser e cera, deseñamos as cellas, Microblading, lifting e extensión de pestanas, masaxes relaxantes, chocolaterapia... Un pouco de todo, que era a miña idea cando abrín, e por suposto seguir crecendo pouco a pouco.

Nuria Carreira e Tania Arias en Meixela, centro que comparten na rúa Rosaleda (nº 5 - Baixo), en Melide

- Están dirixidos os seus servizos a un público en concreto?
- N.C.: Non, nós traballamos tanto con homes como con mulleres, e cada vez achéganse máis homes. O que si percibo é que os meus clientes son de entre 15 e 50 anos. Teño algunha persoa de máis idade pero non é o común, é como se non se atrevesen a acudir ao centro por medo a que os tratamentos non se axustasen a eles, como se os considerasen demasiado modernos, e para nada é así. Que saiban que en Meixela os tratamentos que realizamos son aptos para público de 60 anos, 70 e máis idade; son aptos para toda aquela persoa que desexe coidarse.

- En xeral, coidámonos físicamente?
- N.C.: Si, e cada vez máis. E desde que abrín mesmo noto que incluso os tratamentos que ao mellor resultan algo máis caros acaban tendo moi boa aceptación entre o público. É como que a xente se anima máis a coidarse.

- En canto a vostede Tania, como xurdiu o seu proxecto?
- Tania Arias (T.A.): Estudei o Grado de Nutrición Humana e Dietética e agora mesmo é bastante complicado traballar para outra persoa ou buscar un traballo así preto de Melide, tería que irme a outro sitio de Galicia ou mesmo fóra, así que decidín poñerme como autónoma. Acabei a carreira o ano pasado, saquei inglés e xa estaba cansada de esperar a poder traballar do meu, así que, en canto puiden, lanceime. De feito empecei hai pouco máis dun mes con este proxecto.

- E que tal de momento?
- T.A.: Ben, moi contenta a verdade, traballando moito pero contenta coa resposta da xente.

- En que consiste o seu traballo?
- T.A.: No meu caso enfoquei o meu proxecto de cara a ser unha nutricionsita de comida real. Que quere dicir iso, pois que non fago unha dieta estrita, non pretendo que a xente baixe de peso de forma rápida e esaxerada, o que busco é traballar sobre esa persoa e adaptarme aos seus costumes. Por exemplo, se ti non comes nada de carne vermella, aínda que sexa recomendable comela unha vez á semana, eu non te obrigo a facelo. É unha dieta flexible onde hai alternativas. Para iso sigo o método prato, que é bastante vistoso e que consiste en metade vexetais, un cuarto hidratos de carbono e outro cuarto proteínas. Non hai pesos, é todo moi intuitivo. Ao final cada persoa ten a súa forma de comer e eu o que fago é ir aconsellando sobre o que é máis saudable ou menos saudable, pero sempre adaptándome co fin de atopar un equilibro entre unha vida sa e un menú o máis saudable posible. Para iso atoparanme aquí no centro os martes e xoves.

- Hoxe en día comemos ben ou mal?
- T.A.: En xeral estámolo facendo bastante mal, e o peor é que hai moita xente que pensa que está comendo de forma saudable e non é así. Por poñer un exemplo, os iogures conteñen bastante azucre. E iso é só un pequeno exemplo.

- Que tres principios básicos deberiamos seguir para manternos saudables?
- T.A.: Ler sempre as etiquetas de todo o que comemos e fixarnos sobre todo no azucre e nas graxas saturadas, consumir produtos de temporada e locais, e facer exercicio.

A patronal valora de xeito positivo a última edición do Mercamelide de inverno

Rematada a 23 edición do Mercamelide o balance feito dende a patronal foi "en xeral bastante positivo". "As dúas xornadas, sobre todo nas horas da tarde, estiveron bastante concorridas; ademais os participantes coincidiron en sinalar que entre os visitantes, quen máis quen menos mercou algo", destacou a xerente, Pilar López.

Nesta edición de inverno participaron 18 establecementos con descontos nos seus produtos de ata o 80% nalgúns casos. Entre as grandes novidades para o público, este ano houbo degustación de filloas e de repostaría tradicional da vila con cada compra. Por outra banda, tamén coas compras, repartíronse tarxetas rasca que contiñan vales desconto de 10 euros. A feira de oportunidades Mercamelide está organizada polo Concello e colabora o CCA Asetem.

Aposta pola modernización: *Sisuka* e *Viñoteca Ribeirao* lanzan a súa tenda en liña



Dende o pasado mes de febreiro xa podemos mercar en liña os produtos de Sisuka e Viñoteca Ribeirao de Melide. Ambos os dous comercios dan un paso máis e apostan así pola dixitalización e a venda a través de Internet; un dos grandes competidores do pequeno comercio na actualidade.

En Sisuka está dispoñible a sección de moda tanto para home como para muller, mentres que na páxina web de Viñoteca Ribeirao temos acceso a unha ampla variedade de viños e licores.

Poderemos atopar cada comercio nas direccións web www.sisukaweb.mitiendaair.com (Sisuka) e www.vinotecaribeirao.com (Viñoteca Ribeirao).

Intermax Tecnology participa no Mobile World Congress ´19

Foto: Intermax

Intermax Tecnology, empresa melidense líder en servizos de banda larga no rural galego, participou días atrás no Mobile World Congress 2019 (MWC19), celebrado en Barcelona; o evento sobre móbil máis grande e importante a nivel mundial que reúne as últimas innovacións e a tecnoloxía máis avanzada de centos de empresas punteiras no sector. Coa súa presenza, a empresa melidense aproveitou a ocasión para invitar ao congreso a máis de vinte persoas do mundo empresarial, social e deportivo de Galicia, así como para manter diferentes reunións de traballo con empresas do mundo da tecnoloxía de redes inalámbricas; encontros que permitirán á firma galega ofrecer servizos innovadores e de alta calidade. Así por exemplo, moitas das novidades presentadas polos grandes fabricantes de telefonía móbil no MWC19 poderán atoparse durante a presente temporada no catálogo de Intermax, tal e como apuntou o xerente da empresa, Javier Mouriño Lopez.

Descontos en formación grazas a un convenio con Grupo iGAL

Asetem Centro Comercial Aberto e Grupo iGAL, consultoría especializada en impartir cursos de formación para empresas, asinaron un convenio de colaboración por unha duración de doce meses. Grazas a este convenio, os establecementos asociados que queiran contratar a formación bonificada con Grupo iGAL terán acceso a diferentes vantaxes e descontos, entre os que se atopa un aforro de ata o 50% na cota de asociado. Compre destacar que os cursos de formación en liña que realiza Grupo iGAL son de 56 horas e non teñen ningún tipo de custo para o empresario.

Xornadas sobre Recría en CLUN

Máis de 400 gandeiros participaron nas primeiras Xornadas Técnicas sobre Recría de Novillas organizadas por Cooperativas Lácteas Unidas (CLUN), celebradas nas tres sedes da cooperativa en Ribadeo, Ames e Melide. O obxectivo destas xornadas non foi outro que dar a coñecer de primeira man os fundamentos do innovador programa NOVIPRO; un ambicioso programa deseñado pola Cooperativa CLUN destinado a obter unha maior rendibilidade na recría de novillas, aspecto fundamental este no rendemento das explotacións gandeiras.

SABER DE LEI

A compra de vivenda

Ana Mato Salgado
Avogada
Tlfn.: 671 833 425
Rúa Xesús Carro, Nº15 2º
(Melide)

A compra de vivenda é sen dúbida a inversión máis grande que cada un de nós conta de facer nalgún momento da súa vida, pero para que poida chegar o momento de tomar a decisión de comprar debemos ter uns aforros. É aconsellable que o aforro sexa de un 10% ou 15% do valor total da vivenda.

En moitas ocasións pensamos que é o custo da casa ou piso o que teremos que pagar, á parte dos xuros e comisións derivados da propia hipoteca. Pero isto está moi lonxe da realidade xa que cando compramos vivenda veñen outros gastos de relevante importancia nos que a priori non pensamos, como é o caso dos impostos, gastos notariais, rexistro da propiedade…

Os gastos de notaría son os que derivan da formalización do contrato de compravenda. Con isto estámoslle dando condición de escritura pública, o cal nos servirá para certificar que a vivenda é nosa, e onde quedan pactadas co vendedor todas as condicións. É un trámite obrigatorio e que conleva un custo fixado por lei, e que dependerá do valor da compravenda e dos servizos que preste. Se a vivenda é de protección oficial ou unha subrogación o custo será menor.
En canto ao gasto que ocasiona a inscrición no rexistro mercantil da vivenda, este vén determinado polo valor do inmoble, ubicación… A pesar disto os aranceis veñen fixados por lei (RD 1427/1989).

Este trámite só ten carácter obrigatorio cando a vivenda ten hipoteca, nos demais casos é un tramite voluntario, pero recomendable, xa que garante ser o único e verdadeiro propietario, e protexe fronte a acredores do vendedor en caso de que este último tivese débedas contraídas.

En canto aos impostos que hai que asumir por unha compravenda de vivenda tamén hai que ter en conta se a vivenda é nova ou de segunda man.

Cando se adquire unha vivenda nova hai que pagar o IVE correspondente do 10% do prezo da compravenda. Tamén nestes casos hai que facer fronte ao imposto de actos xurídicos documentados -este imposto varía en función da Comunidade Autónoma-, que oscila entre o 0,5% e o 1,5%. En Galicia é o 1,5%.

Se polo contrario se adquire vivenda de segunda man, non estaría gravado polo IVE senón polo imposto de Transmisións Patrimoniais, o cal varía tamén en función da Comunidade Autónoma, podendo oscilar entre o 4% e o 10%, e no cal se poden contemplar reducións por minusvalías, idade , familias numerosas, etc. Teremos que facelo mediante autoliquidación do seu importe nun impreso oficial e ingreso nunha conta da administración tributaria a través dalgunha entidade bancaria colaboradora, e deberá realizarse no prazo de 30 días hábiles a contar dende a data na que se outorga a escritura, ou no prazo que teña establecido a comunidade autónoma correspondente. O pago deste imposto é imprescindible.

Hoxe en día o máis habitual é comprar a vivenda mediante hipoteca, proceso polo cal se derivan, ademais dos mencionados, outros gastos extra como os de taxación do inmoble, xa que é necesario para saber o valor económico que ten que determinar o importe que o banco debe conceder. Nesta taxación analízanse aspectos tanto técnicos como xurídicos e que poden afectar ao valor da mesma. Esta taxación está supervisada polo Banco de España. Estes custos varían dependendo do tipo de inmoble, pero son sobre uns 250 euros.
Outro gasto sobrevido pode ser o coñecido como plusvalía municipal, chamado tamén Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana; un imposto de natureza local recadado polo Concellos. Este imposto grava o aumento de valor do inmoble durante os anos de posesión ata a súa transmisión. Normalmente este imposto págao o vendedor, pero tamén pode ser pagado polo comprador se así o acordan as partes. E en caso de que o vendedor non resida en España será o comprador o que se faga cargo do pago do imposto. Este imposto está sendo polémico debido a que se aplica a pesar de que non existe un beneficio derivado da venda, e nos últimos anos son moitos os recursos postos en contra de dito imposto, xa que non é xusto pagar un imposto cando houbo perdas na transacción. Esta batalla xudicial está dando os seus froitos e son moitas as sentenzas que declaran este imposto inconstitucional nos casos nos que non existe incremento do valor.

Hoxe en día poucos son os afortunados que se poden permitir a compra de vivenda sen recorrer a unha hipoteca, por iso é importante mencionar que unha vez que se acaba de pagar a mesma e a débeda quede zanxada co banco, o préstamo segue existindo no rexistro da propiedade, por iso debemos realizar un último trámite, o cal tamén suporá outro custo que dependerá da cantidade inicial do préstamo. Pode oscilar entre os 300 e 1.000 euros.

Este trámite ten carácter obrigatorio se se vende ou se se vai solicitar unha nova hipoteca sobre a mesma vivenda, polo que é moi aconsellable facelo, pois senón dita vivenda non aparece libre de cargas na nota simple do rexistro da propiedade. Pasados 20 anos dende a finalización da hipoteca o rexistro cancélaa automaticamente, pero o máis aconsellable é facelo. Para iso, podemos pedirlle á entidade financeira coa que tivemos a hipoteca que o faga, ou facelo nós mesmos. Esta última opción é a máis económica, e para iso hai uns pasos a seguir. Primeiro deberemos pedir un certificado de saldo cero á nosa entidade, posteriormente entregar ese certificado nunha notaría e solicitar escritura de cancelación -esta debe ser firmada polo apoderado do banco-, e a continuación reencher o formulario do Imposto sobre Actos Xurídicos Documentados na delegación de Facenda, (esta taxa está exenta de pago). Finalmente, coa escritura de cancelación recollida na notaría deberemos acudir ao rexistro coa escritura e co formulario do imposto, de tal modo que se inscribe dita cancelación no rexistro e o levantamento da carga sobre o asento rexistral da hipoteca.

Despois deste último trámite podemos durmir a gusto sabendo que a vivenda é nosa e xa non queda rastro da hipoteca que tantos anos nos acompañou. Para os que aínda non compraron, analizando os gastos mencionados, non está demais consultalo coa almofada.

POR SER DE XUSTIZA

O permiso de paternidade

Eva Novás
Avogada

Vimos de conmemorar o oito de marzo, o Día Internacional da Muller ou Día da Muller Traballadora, no que se pretende facer visible o papel desta na sociedade e a falta, aínda a día de hoxe, de igualdade en dereitos e oportunidades. Estes logros deben pasar, necesariamente, por acadar unha conciliación laboral e familiar real, así como unha responsabilidade compartida e tamén real no coidado dos fillos e na planificación e organización das tarefas e coidados. Sobre isto último, comézase a falar e a escribir da chamada carga mental das mulleres, para referirse a todo ese traballo invisible de planificación que permite que funcione con eficacia o fogar e que é previo ó reparto das tarefas entre a parella.

Pois ben, unha das medidas que favorecen esta conciliación é o permiso de paternidade, de modo que tamén se permita que os homes poidan desfrutar da crianza. Recentemente anunciábase a intención de que este permiso quedase equiparado na súa duración ó de maternidade, mediante unha ampliación progresiva ata o ano 2021.

A día de hoxe o de paternidade concíbese como un permiso concedido para protexer determinadas situacións familiares como o nacemento dun fillo, a adopción, a convivencia preadoptiva e o acollemento familiar temporal e permanente. Son beneficiarios del os traballadores por conta propia ou allea, incluídos os contratados a tempo parcial e os contratos para a formación, de calquera sexo que desfruten dos permisos ou descansos nas situacións familiares antes ditas, para o cal deberán estar afiliados e en situación de alta ou similar nalgún dos réximes da Seguridade Social, así como ter cuberto un período mínimo de cotización no momento da súa solicitude. Existen ademais situacións específicas para determinadas profesións.

No caso dos traballadores, este permiso é a día de hoxe de cinco semanas ininterrompidas, estando previsto que dende o próximo día 1 de abril pase a ser de oito semanas. Serán ampliables en dous días máis por cada fillo a partir do segundo en casos de parto, adopción ou acollemento múltiples, tratándose de traballadores en situación de suspensión con reserva de posto de traballo. A última semana poderá desfrutarse de forma independente noutro momento dentro dos nove meses seguintes ó nacemento do fillo, previo acordo ca empresa. E o desfrute destes períodos e independente do desfrute compartido dos do descanso por maternidade.

O mesmo se prevé para o caso de tratarse de empregados públicos, coa excepción de que as normas propias destes poderán establecer que se autorice, solicitándoo previamente, que o comezo do permiso de paternidade teña lugar nunha data posterior ó nacemento do fillo, sempre que sexa antes da finalización do permiso correspondente ó outro cónxuxe, ou ben inmediatamente despois da súa finalización. Tamén, de forma excepcional, se prevé para estes que en supostos de fillos prematuros ou que por calquera outra razón tivesen que estar hospitalizados, poderían comezar a percibir o subsidio a partir da alta hospitalaria do fillo.

Os permisos poderán desfrutarse en réxime de xornada completa ou de xornada parcial, e a prestación económica consiste no subsidio equivalente ó cen por cen da base reguladora. Se se extinguise o contrato do traballador mentres este desfruta do permiso de paternidade, continuaría recibindo a prestación por paternidade ata a súa finalización e, se lle correspondese prestación por desemprego, non se descontaría desta o tempo que estivera en situación de paternidade.

Por último, as causas de extinción do subsidio por paternidade son as mesmas que as previstas para o de maternidade, tales como o transcurso do prazo de duración, a reincorporación voluntaria ó traballo, a xubilación ou incapacidade permanente, o cese da adopción ou acollemento e a morte do beneficiario. Sen embargo, o falecemento do fillo ou menor acollido durante a percepción da prestación non é causa da extinción desta.

Eva Novás Mato — **Rúa San Antón, nº 5 - MELIDE**
Avogada — **Tlfs.: 981 50 72 17 / 662 30 26 18**

SUBVENCIÓNS (Información elaborada por CCXestión)

AXUDAS Á CONSOLIDACIÓN E AO FORTALECEMENTO DO TECIDO EMPRESARIAL NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE A CORUÑA. PEL-EMPRENDE INVESTIMENTO 2019. (BOP 45, DO 06/03/2019)

Beneficiarios: Autónomos, microempresas e pequenas e medianas empresas, que desenvolvan unha actividade económica que teña o domicilio fiscal nalgún municipio da provincia de A Coruña, con unha antigüidade máxima de 5 anos no exercicio continuado da actividade, contados dende a convocatoria desta axuda. // Non serán beneficiarios as entidades sen ánimo de lucro, as sociedades civís, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de agrupación económica, e as corporacións de dereito público (Confrarías...). **Investimentos subvencionables:** .- Aplicacións informáticas: propiedade ou dereito de uso de programas informáticos adquiridos a a terceiros e desenrolo de páxinas web (excluídos hosting, dominios ou mantementos informáticos). / .- Maquinaria ou bens de equipamento para a extracción ou elaboración dos produtos e elementos de transporte interno. / .- Utillaxe e ferramentas. / .- Mobiliario e equipos de oficina (excluídos artigos de decoración, televisores, alumeado, instalacións, aparatos de climatización, entre outros) / .- Equipamentos para procesos de información: ordenadores e demais conxuntos electrónicos (excluídos sistemas de seguridade e telefonía). Con carácter xeral, os investimentos deberán ser realizados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2019. Debe tratarse de investimentos en elementos novos e quedan expresamente excluídas, con carácter xeral, instalacións, mantementos, portes, reparacións, obras, reformas, alugueres, rotulacións e instalacións técnicas (iluminación, climatización...). O investimento mínimo será de 2.500 € e máximo de 25.000 € (IVE excluído). Contía a solicitar como máximo: 80%. O importe máximo da subvención a conceder será de 20.000 €. **PENDENTE DE ABRIR O PRAZO DE SOLICITUDE.**

AXUDAS Á CONSOLIDACIÓN E AO FORTALECEMENTO DO TECIDO EMPRESARIAL DOS CONCELLOS DA PROPINCIA DE A CORUÑA, A TRAVÉS DO APOIO Á REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES E/OU ACTUACIÓNS NO DESENVOLVEMENTO DA INICIATIVA EMPRESARIAL. PEL-EMPRENDE ACTIVIDADES 2019. (BOP 45, DO 06/03/2019)

Beneficiarios: Autónomos, microempresas e pequenas e medianas empresas, que desenvolvan unha actividade económica que teña o domicilio fiscal nalgún municipio da provincia de A Coruña, con unha antigüidade máxima de 10 anos no exercicio continuado da actividade empresarial, contados dende a convocatoria desta axuda. Non serán beneficiarios as entidades sen ánimo de lucro, as sociedades civís, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de agrupación económica, e as corporacións de dereito público (Confrarías...). **Gastos subvencionables.** Serán subvencionables os gastos relativos a servizos profesionais externas de asistencia técnica, auditoría, consultaría, titorización, mentorización, formación e actividades ou actuacións relacionadas con melloras nos seguintes ámbitos:.- Responsabilidade Social Empresarial (RSE) en medio ambiente, en calidade, en igualdade de xénero, en emprego, e co entorno e a comunidade. /.- Marketing e comunicación. / .- Competitividade e expansión. Con carácter xeral, os investimentos deberán ser realizados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2019. O investimento mínimo será de 2.500 € e máximo de 6.000 € (IVE excluído). Contía a solicitar como máximo: 80%. O importe máximo da subvención a conceder será de 4.800 €. **PENDENTE DE ABRIR O PRAZO DE SOLICITUDE.**

AXUDAS Á CONTRATACIÓN PARA A CREACIÓN E AMPLIACIÓN DO CADRO DE PERSOAL DE PEQUENAS, MEDIANAS EMRESAS E MICROEMPRESAS. PEL-PEMES CREACIÓN E AMPLIACIÓN 2019. (BOP 45, DO 6 DE MARZO DE 2019)

Beneficiarios: Autónomos, microempresas e pequenas e medianas empresas, que desenvolvan unha actividade económica e que teña o domicilio fiscal nalgún municipio da provincia de A Coruña de menos de 20.000 habitantes. A actividade deberá estar relacionada co perfil profesional da persoa contratada. Non serán beneficiarios as entidades sen ánimo de lucro, as sociedades civís, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de agrupación económica, e as corporacións de dereito público (Confrarías...). **Requisitos das persoas contratadas ou a contratar:** .- Estar empadroado nalgún municipio da provincia de A Coruña./.- Estar desempregado e inscrito como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego, no momento da súa contratación. Serán subvencionables as contratacións que se realicen entre o 1 de xaneiro de 2019 e ata un máximo de dous meses despois da resolución de concesión da axuda e deberá ter unha duración mínima de 12 meses, a tempo completo ou parcial. Contía da axuda: ata o 75% dos custes salariais totais da persoa traballadora durante 12 meses. **PENDENTE DE ABRIR O PRAZO DE SOLICITUDE.**

AXUDAS AO MANTEMENTO DO CADRO DE PERSOALDAS PEQUENAS, MEDIANAS EMPRESAS E MICROEMPRESAS. PEL-PEME MANTEMENTO 2019. (BOP 45, DO 6 DE MARZO DE 2019)

Beneficiarios: Autónomos, microempresas e pequenas e medianas empresas que fosen beneficiarios da subvención PEL-PEMES Creación e Ampliación 2018, que levaran a cabo a contratación de maneira indefinida con carácter previo á presentación da solicitude PEL-PEMES Mantemento 2019. **Requisitos das persoas contratadas ou a contratar:** .- Estar empadroado nalgún municipio da provincia de A Coruña. .- Haber sido contratado na convocatoria PEL-PEMES Creación e Ampliación 2018. .- Ter contrato indefinido con carácter previo á solicitude de PEL-PEMES Mantemento 2019. .- Ter a mesma ou superior categoría profesional que na contratación inicial subvencionada..- Ter a mesma xornada de traballo que na convocatoria anterior, ou pasar de tempo parcial a xornada completa. Contía da axuda: ata o 50% dos custes salariais totais da persoa traballadora durante os 12 meses seguintes ao remate do período inicial subvencionado na convocatoria PEL-PEMES Creación e Ampliación 2018. **PENDENTE DE ABRIR O PRAZO DE SOLICITUDE.**

centro auditivo

solicita tu **REVISION GRATUITA**

ÓPTICAStábora

REXCE AUDIOPRÓTESIS
E.15-001241

REXCE ÓPTICA
E. 15-001238

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

A Foliada, en mans do Concello

Dalia García fai un chamamento aos grupos para celebrar "un encontro" e a oposición acúsaa de "usurpar ideas"

Unha Foliada organizada polo Concello de Melide, esa foi a solución anunciada por parte da alcaldesa, Dalia García, no pleno extraordinario celebrado o pasado 21 de febreiro a petición da oposición co obxectivo de analizar a renuncia da asociación cultural O Castelo á organización deste evento por falta de apoio institucional do Concello.

A rexedora municipal fixo un chamamento a "todos os grupos melidenses e de fóra para organizar un evento que sexa recoñecido para homenaxear a música e o baile tradicional", e mesmo convidou aos grupos da oposición a participar na organización, ofrecemento que tanto BNG como PSdeG-PSOE rexeitaron.

García negou en todo momento a "falta de apoio institucional" á Foliada e recriminou que a falta de dispoñibilidade da Praza das Coles para a xornada do domingo "non é motivo suficiente para a suspensión da Foliada, e máis cando en anos anteriores tampouco se dispuxo dese espazo o domingo pola mañá", engadiu. Así mesmo, lembrou que dende o Concello "sempre se prestou apoio económico, humano e material" á Foliada.

O anuncio da organización por parte do goberno local desatou a indignación entre o público presente no salón de plenos e duras críticas na oposición. José Antonio Prado, voceiro socialista, argumentou que "o problema é de vontade, credibilidade e eficacia" e acusou ao goberno local de contar "cun plan premeditado para poñer trabas, destruír a Foliada e asumir vós a organización".

Pola súa parte, o voceiro nacionalista, Xesús Pereira, recalcou que "o Concello non está para organizar, está para dar cobertura, para potenciar, fomentar e non poñer trabas; non se trata de usurpar e roubar ideas", dixo. Pereira tamén reprochou á rexedora municipal a "actitude maligna e o trato que se lle dá ás asociacións da vila", e lembrou que "non se trata de persecución persoal" a García, senón dun trato "que non é o axeitado" co tecido cultural.

Nacionalistas e socialistas rexeitaron pedir a dimisión da alcaldesa, "unha decisión que", dixo o voceiro do BNG, "vén por castigo electoral".

Numerosos asistentes

O salón de plenos do Concello de Melide quedou pequeno para acoller ao numeroso público que se achegou a escoitar as explicacións da alcaldesa, pese a estar convocado a primeiras horas da mañá.

Entre os asistentes, membros da organización da Foliada, que días despois emitiu un comunicado para negar intencións políticas trala súa renuncia. "Consideramos inadmisible e de suma gravidade que un cargo institucional que representa a máis de 7.000 veciños e veciñas insinúe en sede plenaria que a Asociación O Castelo ten motivacións políticas e que a súa decisión de renunciar á organización da Foliada busca danar ao goberno local ante a inminente celebración de eleccións municipais. Só quen concibe a cultura como arma política pode realizar declaracións deste cariz", aclararon, e engadiron que "14 anos de traballo" demostran que "o noso único compromiso e a nosa única motivación foron a música e o baile tradicional".

Comunicado do PP

O voceiro do PSdeG-PSOE de Melide, José Antonio Prado, tachou de "inxustificable" o comunicado emitido polo Partido Popular de Melide en relación á Foliada. En dito comunicado, segundo recolle o xornal Crónicas, os populares aseguran que a súa formación non vai entrar "nun xogo político coa vida cultural de Melide xa que a oposición tanto do PSdeG-PSOE como do BNG nomearon outras asociacións da vila facendo unha comparativa entre eventos", e deixan entrever unha intencionalidade política trala renuncia da Asociación O Castelo lembrando que o presidente desta asociación concorreu nunha candidatura do BNG.

Numeroso público, incluídos membros da organización da Foliada, acudiron ao pleno pese a estar convocado a primeira hora da mañá

"Dubida da capacidade democrática que ten unha persoa para concorrer nunha lista electoral e ao mesmo tempo facer unha actividade enormemente importante para a cultura e a sociedade de Melide", dixo Prado, "parécenos poñer en dúbida a democracia, pero vindo do Partido Popular non nos estraña. Están intentando facer un concello onde soamente teñen cabida os seus amigos, e urxe en Melide que o Concello non sexa dos amigos do goberno, senón un Concello para todos, independentemente do que voten", engadiu.

O voceiro socialista quixo aclarar tamén que en ningún momento se fixo unha comparativa entre asociacións no pleno extraordinario do día 21. "Parécenos un comunicado indigno dun partido democrático e indigno dunha alcaldesa; está plagado de mentiras, de terxiversacións, e o único que busca é desculpar a súa mala xestión. Di que os partidos da oposición fixemos comparacións no pleno con outras asociacións e iso é absolutamente mentira, dixemos claramente que non iamos a comparar con outras asociacións, que o único que iamos a comparar é cos eventos que organiza e que paga con facturas directamente o Concello", afirmou, "e aí fixemos unha comparación clara onde se vén a demostrar que moitos eventos que fai o Concello teñen unha transcendencia moito menor que a Foliada a pesar de ter un custo económico moito maior, e que hai un trato de favor e desigual en función de se es amigo ou non do Concello, por exemplo o festival de maxia, con todo o respecto para os artistas, e que organiza alguén que vai nas listas do PP", dixo.

A remodelación do cantón de San Roque rematará este mes

A remodelación do cantón de San Roque rematará antes de que finalice o mes de marzo; así o anunciou a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, durante unha visita que fixo a Melide.

Vázquez destacou tamén a instalación dun "novo e completo parque infantil" no cantón, que permitirá completar os traballos de "humanización urbanística" desta zona. De feito, a conselleira lembrou que a necesidade dun espazo de ocio dedicado integramente para o goce dos máis pequenos "é unha vella demanda dos veciños do cantón". Para darlle resposta, dixo, o seu departamento e o Concello de Melide mobilizarán, a maiores, un total de 113.341 euros. Desa cantidade, a Consellería achegará o 70 por cento do custo total -uns 80.000 euros-, e o Concello a cantidade restante -50.000 euros-.

A instalación deste parque infantil -prevista para os vindeiros meses- completará as obras que se están a executar no centro urbano de Melide, e que suporán a remodelación integral do cantón de San Roque e da marxe dereita da Avenida de Lugo. O investimento por parte da Consellería en dita actuación ascendeu a 400.000 euros.

Rede de saneamaento en Santa María

A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, avanzou en Melide, nun encontro coa alcaldesa Dalia García, e outros membros da corporación, o inicio das obras de saneamento na parroquia de Santa María. A través de Augas de Galicia a Consellería investirá máis de 116.000 euros para dotar do servizo de saneamento ás vivendas e edificacións situadas a ambas marxes da estrada N-547, cunha nova rede de algo máis de 1,4 Km de lonxitude que recollerá as augas residuais urbanas naquelas vivendas carentes deste servizo e a súa conexión á rede xeral existente. As obras estarán rematadas este verán.

"Abandono" no Camiño

"Deficiencias e mal mantemento na Ruta Xacobea" ao seu paso polo municipio, iso é o que denunciaron os socialistas de Melide. Segundo explicou o seu voceiro, José Antonio Prado, "cando xa comezan a pasar peregrinos polo Camiño, o goberno municipal segue facendo o mesmo mal mantemento ano tras ano; e como exemplo", engadiu, "diante da Capela de Santa María leva case seis meses o firme en mal estado, despois de que se arranxara unha avaría que denunciamos dende o PSdeG-PSOE".

Ante as críticas, o Concello defendeuse aludindo a que días antes xa anunciaran actuacións previstas en diferentes puntos da parroquia de Santa María, así como a rede de saneamento.

C/RONDA DA CORUÑA, 16
MELIDE · 981 50 60 97

ALAINAFFLELOU
ÓPTICA, E 15001258 / AUDÍFONOS, E 15001259

Centos de persoas acoden á concentración do 8M en Melide

O Concello conmemora o Día da Muller coa presentación do novo logo do CIM

Con motivo do 8 de marzo, Día da Muller, o movemento feminista convocou en Melide unha concentración. Centos de persoas acudiron á praza do Convento ás oito da tarde para denunciar, coa súa presenza, a violencia e a desigualdade que seguen enfrontando as mulleres.

Homes e mulleres, de todas as idades, asistiron á lectura do manifesto e mesmo algúns dos asistentes interviñeron ao seu remate para agradecer o traballo da organización e seguir reivindicando a necesidade de loitar xuntas para non retroceder "nin un só paso atrás" nos dereitos das mulleres.

Á concentración tamén asistiron representantes do ámbito político local, como o voceiro do BNG, Xesús Pereira, e o voceiro do PSdeG-PSOE, José Antonio Prado, mentres que os integrantes do goberno local (PP) non fixeron acto de presenza.

A concentración rematou entre aplausos e coa reivindicación "se nós paramos, Melide para".

Un novo logo para o CIM, a celebración do 8M no Concello

O Concello de Melide celebrou o Día da Muller coa presentación dun logo. A alcaldesa de Melide, Dalia García, a concelleira de Igualdade e Benestar, María Jesús López, e a asesora xurídica do Centro de Información á Muller (CIM), deron a coñecer o novo logo do centro e presentaron unhas guías informativas que se repartirán nos edificios municipais, nos tres CEIPs e no instituto da vila.

As guías informativas pretenden dar a coñecer todos os servizos que ofrece o CIM para as mulleres de Melide e comarca; un centro que ten por obxecto ofrecer apoio e asesoramento aos seus problemas.

Actos complementarios

Xunto á presentación do novo logo do CIM, na fachada principal da casa do Concello colgouse unha pequena pancarta coa mensaxe "8 de marzo, 365 días pola igualdade", e a radio municipal contou cunha programación especial na que interveu Nuria Bravo, primeira muller en pilotar un helicóptero militar en España, así como representantes das asociacións de mulleres da vila, do CIM e a concelleira de Igualdade. Chamou especialmente a atención que non estivese representado o colectivo de mulleres empresarias, tendo en conta que o sector do comercio en Melide é un dos máis destacados e o 60 % do emprego que xera o comercio de proximidade -segundo datos da Federación Galega de Comercio- está desempeñado por mulleres.

A maiores, dende o Concello está prevista unha xuntanza-homenaxe ás mulleres, aberta a todas as veciñas de Melide, e un contacontos en igualdade nos colexios da vila.

Concentración na praza do Convento (arriba), e presentación do logo do CIM por parte do Concello (abaixo)

A calidade das augas da praia fluvial, de novo insuficiente

A Consellería de Sanidade fixo pública a clasificación sanitaria provisional das zonas de baño para a tempada 2018, que será a vixente para a tempada 2019, e un ano máis a praia fluvial do río Furelos acada unha clasificación sanitaria insuficiente. É xa o terceiro ano consecutivo no que a praia fluvial de Furelos recibe unha cualificación insuficiente polo que, de seguir así nos vindeiros anos a zona de baño terá que ser clausurada.

Dende o ano 2016 a calidade das augas da praia fluvial de Melide foi empeorando a súa cualificación; de ser Boa en 2015 pasou a Suficiente en 2016, mentres que os tres anos seguintes -2017,2018 e 2019- foi Insuficiente.

Recentemente, a Consellería de Infraestruturas, a través de Augas de Galicia, licitou (por un importe de preto de 53.000 euros) a redacción dun proxecto para tratar de solucionar a acumulación de sedimentos na praia fluvial. O prazo para que as empresas presentasen as súas ofertas rematou xa o pasado 15 de xaneiro.

O goberno local baralla dúas opcións para ampliar o polígono; ao lado do actual , e preto do futuro enlace da A-54

O goberno local de Melide presentou ante a Xunta de Galicia o documento que inicia os trámites da modificación urbanística necesaria para levar a cabo unha provisión de solo industrial no municipio.

O documento engloba dúas alternativas. Nunha delas a provisión de solo industrial localizaríase nos terreos próximos ao actual parque empresarial da Madanela, sendo a proximidade ao parque xa existente un factor determinante nesta alternativa e tendo en conta sempre que se trata dunha zona afectada por Patrimonio Cultural e polo LIC Serra do Careón. Nesta alternativa a superficie sería de 104.374 metros cadrados.

A outra alternativa proposta polo goberno melidense posúe unha superficie maior, (325.667 metros cadrados), e consistiría en levar adiante un polígono ata a periferia do núcleo urbano de Melide, ao carón da estrada autonómica AC-840. "A inmensa potencialidade desta alternativa é a inmediatez de acceso ao enlace previsto entre a estrada autonómica AC-840 e a autovía Lugo – Santiago, A54. A topografía é moi favorable sendo o terreo chan así como se englobarían enclaves industriais existentes", apuntaron dende o Concello.

A presentación deste documento supón "a culminación dun traballo de cooperación e de reunións técnicas cos responsables de Industria, Patrimonio, Urbanismo e Medio Ambiente, co fin de achar a mellor solución e a máis rendible para dotar a Melide de solo industrial", indicou a alcaldesa da vila, Dalia García.

Sen solución ás continuas verteduras

O que continúa sen solucionarse son as verteduras do actual polígono melidense. A finais do pasado ano Augas de Galicia anunciaba que resolvería os problemas de saneamento no parque empresarial da Madanela en 2019, e para iso redactarían un proxecto nos primeiros meses do ano. Do mesmo xeito, xustificaban en motivos "alleos á Xunta" a necesidade de resolver o contrato adxudicado en 2017 e comezar outro.

O problema é que isto non é a primeira vez que ocorre. Precisamente a Asociación Veciñal Melidá, tras solicitar información de xeito formal a Augas de Galicia sobre o estado do "Proxecto de mellora do saneamento do polígono da Madanela", coñecía o arquivo en dúas ocasións (2012 e 2017) das denuncias efectuadas polos técnicos do propio organismo sobre as verteduras do polígono da Madanela e, en consecuencia, a licitacion de novos proxectos.

Compre salientar que a primeira das denuncias, arquivada en 2012, foi efectuada en 2006, tal e como se recolle na resposta de Augas de Galicia ao colectivo veciñal.

Á espera de coñecer o último proxecto anunciado por parte do organismo dependente da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, dende a Asociación Veciñal Melidá cualifican de "moi grave" a situación actual, "non só pola desidia mostrada polas institucións competentes e as evidentes consecuencias medioambientais, senón tamén polas implicacións que a falta de depuración pode ter para as empresas instaladas actualmente no polígono, ou as que se puideran instalar".

Educación e Concello estudan a posibilidade de ampliar a Formación Profesional en Melide

A alcaldesa de Melide, Dalia García, acompañada da xerente dunha empresa local de axuda a domicilio, achegáronse ata a Subdirección de FP da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria co fin de analizar posibles vías de formación a implantar en Melide. Trátase da segunda xuntanza deste tipo á que acode a rexedora melidense, co fin de analizar en profundidade as diferentes vías existentes e ver a viabilidade que pode ter a implantación en Melide de determinada formación.

Actualmente o IES de Melide só dispón dun ciclo medio de Madeira

Ao remate da xuntanza García amosouse "convencida de que pronto veremos os froitos despois de tanto traballo, xa que unindo esforzos conseguiremos proxectos que agardo que sexan ben recibidos polos veciños".

Investimentos nos colexios da vila

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia investirá 95.000 euros no cambio de cuberta do CEIP Martagona, deteriorada polo paso do tempo.

As obras, que está previsto se inicien nos vindeiros meses, consistirán no cambio da cuberta de todo o edificio así como tamén de dous dos lucernarios cos que conta a instalación.

Cuberta lateral do polideportivo e ventás no multiusos

Por outra banda, o Concello de Melide vén de adxudicar en Xunta de Goberno Local o cambio da cuberta lateral do polideportivo municipal. As obras consistirán na retirada da actual cuberta para substituíla por unha de placas de poliuretano así como tamén na renovación dos caleiros que completarán a reforma completa da cuberta.

Se o tempo o permite, as obras darán comezo no mes de marzo. O orzamento previsto para a realización destas melloras é de case 66.300 euros.

Tamén en Xunta de Goberno foi adxudicada a obra para o cambio da totalidade das ventás do edificio multiusos da vila. O cambio conta cun orzamento de licitación de 65.000 euros, dos cales algo máis de 43.000 irán destinados ao cambio de ventás e o restante a xestión de residuos, demolicións e ou control de calidade.

Actúan nas beirarrúas e pavimento de doce rúas do centro e nos accesos do rural

Doce rúas do casco urbano de Melide están sendo obxecto de melloras nos últimos días. Concretamente, nas rúas Armando Catarelo e Moldes realízase unha pavimentación con aglomerado asfáltico en quente e a renovación da sinalización horizontal.

Nas rúas Alcalde Juan Mera Somoza, Euskadi e Madrid, a maiores da pavimentación tamén se realizan labores de limpeza dos bordos. Estase a renovar a sinalización tamén nas rúas Jesús López, Consuelo Varela López y Hnas Morate Fdez, Alcalde Ricardo Fdez Camoiras, Alcalde Antonio Souto e Alcalde Sabino, conxuntamente coa pavimentación e a execución de beirarrúas.

Pola súa parte, na rúa Norte realizase unha rede separativa de pluviais e posteriormente procederase á pavimentación. A mellora de pluviais tamén se executa na rúa Antonio Prado Díaz, onde igualmente se leva a cabo a pavimentación e a sinalización horizontal.

Melloras nos accesos do rural

O goberno local informou tamén da finalización dos traballos de mellora no núcleo de San Cibrao, e na pista de Carballás na parroquia de Orois, que conecta Castiñeiro coa pista central da parroquia de Maceda.

Así mesmo, a brigada de obras traballou na limpeza de cunetas e acondicionamento na pista de San Martiño, no lugar de Moutoutiño, onde se procedeu tamén a realizar labores de mantemento no lugar de A Rata en Zas de Rei.

A todos estes traballos, súmanse os realizados na propia parroquia de Santalla, onde se acondicionaron camiños rurais que facilitan os labores do sector agrario. Os traballos consistiron na mellora do firme existente por outro de formigón e ao mesmo tempo no entubaxe para a conexión das augas pluviais.

Melloran a accesibilidade e renovan o firme da AC-840 ao seu paso pola vila

O treito da AC-840 en Melide á altura da rampla de San Pablo foi obxecto de varias melloras no pavimento para ampliar a súa vida útil. Trátase dunha estrada pola que transcorren diariamente máis de 3.500 vehículos -segundo os datos do Concello- e que contaba co firme, entre os puntos quilométricos 36 e 49, moi deteriorado.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade iniciou así a renovación do firme nun treito no que anteriormente xa acometera a reposición da rede de pluviais.

No marco desta actuación, na Rambla de San Pablo incluíuse a reposición do paquete de firme completo na traza das gabias a executar, reforzando con formigón armado a canalización nos treitos de calzada, e a reposición da capa de rodadura en todo o ancho da calzada, entre os puntos quilométricos 49+580 e 50+280. As obras complementáronse co cegado dos pozos de rexistro das redes de residuais e pluviais, para evitar os ruídos que se producen co paso do tráfico. Tamén se trasladaron á beirarrúa os pozos de saneamento.

A alcaldesa de Melide, Dalia García, amosouse satisfeita coa actuación "porque é unha demanda de hai tempo, xa que se trata dun viario que é fundamental para a zona cunha media diaria de tráfico rodado moi alta".

Melloras na accesibilidade

En colaboración coa Axencia Galega de Infraestruturas o Concello de Melide tamén mellorará a accesibilidade na AC-840 ao seu paso pola vila.

As obras, que teñen un orzamento de preto de 50.000 euros, supoñen a reforma integral no correspondente a accesibilidade nas beirarrúas e un incremento da seguridade nos pasos de peóns.

As actuacións consisten na ampliación de beirarrúas para evitar o estacionamento de vehículos e favorecer así o tránsito das persoas. Ao mesmo tempo, retranquearase o paso en diferentes carrís para favorecer tamén a circulación de turismos e adaptaranse os pasos de peóns á normativa de accesibilidade.

Piden á Deputación un estudo do tráfico rodado na Avenida de Toques e Friol

O Concello de Melide solicitou de novo á Deputación da Coruña a necesidade de elaborar un estudo do tráfico rodado na Avenida de Toques e Friol. Segundo explicaron, "trátase dunha zona da vila na que nos últimos tempos se puxeron en marcha diferentes edificacións de vivendas que hoxe son ocupadas por veciños e veciñas que ven minguada a súa seguridade debido á falta de organización do tráfico rodado".

Dalia García, alcaldesa de Melide, lembrou que xa fixeron dita petición o ano pasado e destacou a necesidade de "ter unhas beirarrúas con pavimentación axeitada, así como sinaléctica tanto horizontal como vertical, ou mobiliario urbano que impida estacionar os vehículos de xeito ordeado e ao mesmo tempo que a veciñanza dispoña de espazo nas beirarrúas para pasear por elas de maneira cómoda".

Rematan as obras da ponte que une Baltar, en Melide, coa Mella en Arzúa

Melide e Arzúa contan con nova ponte entre as parroquias de Baltar e A Mella. As actuacións realizadas consistiron na reposición da drenaxe transversal sobre o río, e dado que a estrutura da ponte se atopaba nun estado deficiente, demoleuse a obra existente para facer unha nova cimentación e o pórtico, ademais de reafirmar o camiño.

Esta actuación, que tivo un orzamento que superou os 100.000 euros, supón un aumento da seguridade xa que, en palabras de Dalia García, alcaldesa de Melide, "a nova ponte pode sorportar de xeito seguro e firme as grandes tonelaxes de vehículos agrogandeiros e lácteos que por ela circulan no seu día a día".

Os traballos foron posibles grazas a un convenio asinado por ámbolos dous concellos coa Consellería de Medio Rural.

Ponte nova entre Melide e Arzúa

Os Ánxeles

Finalizan tamén os traballos nos Ánxeles

Por outra banda, o Concello de Melide anunciou tamén o remate dos traballos de acondicionamento e mellora no viario que dá acceso dende a DP-4604 á parroquia dos Ánxeles.

As obras consistiron na pavimentación en aglomerado en quente neste treito que enlaza coa senda peonil e coa reforma integral do núcleo da parroquia das Cazallas.

As melloras contaron cun orzamento de 60.400 euros e foron sufragadas con fondos propios.

O Concello de Melide actuou dende o ramal de Garceiras ata o núcleo das Cazallas, onde se atopa o emprazamento da igrexa da zona. Este ramal comunica directamente coa DP-4604, e é utilizado cada día pola veciñanza para o seu acceso á parroquia dos Ánxeles.

Críticas dos socialistas

Foi precisamente a actuación levada a cabo polo Concello de Melide na parroquia das Cazallas o que levantou as críticas dos socialistas. O voceiro do PSdeG-PSOE de Melide, José Antonio Prado cuestionou o feito de que se asfaltase nesta parroquia "hai tres meses", e xa teñan que andar con arranxos "porque se despega o asfalto e nacen herbas".

Bonificación do 10% no canon do lixo

O Concello de Melide aprobou en pleno solicitar a Sogama a bonificación do canon de recollida pola taxa de lixo. Esta baixada supoñerá unha bonificación do 10%, que reverterá positivamente nos fogares melidenses ao ter que pagar un pouco menos pola taxa do lixo en 2019. A cambio, o Concello comprométese a reducir a produción de residuos e a incrementar a reciclaxe de envases lixeiros.

A alcaldesa de Melide, Dalia García, apuntou que "se todos participamos nunha pegada equilibrada no medio ambiente, separamos mellor, reciclamos mellor e poñemos máis medios para poder facer que isto sexa posible, repercutirá sempre positivamente tanto na facenda local que é de todos como tamén no peto de cada un de nós".

Limpeza e construción de beirarrúas

A brigada de obras municipal de Melide realizou labores de limpeza en varias beirarrúas situadas no casco antigo que precisaban dun lavado para garantir a súa conservación e ao mesmo tempo a seguridade dos viandantes. En moitos lugares acumulábanse zonas verdes, que en contacto coa auga podían producir esvaróns. A estas accións súmanse os traballos de construción de beirarrúas e pavimentación na rúa Alcalde López Galúa. Tamén no parque de Rosalía de Castro se levaron a cabo traballos de mantemento; unha actuación consistente no pintado de bancos xa existentes e na instalación de novo mobiliario, así como no mantemento do xa instalado. O goberno local sinalou que son traballos "que se realizan periodicamente debido a que se trata dunha instalación moi concorrida na vila, sobre todo coa chegada do bo tempo".

FOTODENUNCIA

Transitar por algunhas beirarrúas de Melide non é apto para calquera, a non ser que sexan vostedes malabaristas, equilibristas ou similar. Recentemente o Concello de Melide iniciou unha serie de melloras en diferentes beirarrúas do municipio que agardemos cheguen a esta tamén. De non ser así teñan coidado ao camiñar por este treito da rúa Fernández Flórez, pois ademais de non atoparse no seu mellor estado de conservación, conta con "lixeiras pendentes" que poden xogarnos unha mala pasada.

Familiares e veciños piden a colaboración dos cidadáns para dar co paradoiro de Emilio Pintor Mella, residente na Coruña e con raíces en Melide, que desapareceu o pasado 21 de febreiro. Reclaman que se continúe coa súa busca despois de que a última pista -o sinal do seu teléfono móbil- o situase nas inmediacións do encoro de Os Peares pero non se atopase rastro del.

Manuel Adán, actual rexedor, será o candidato do BNG á alcaldía de Santiso

O partido nacionalista tamén deu a coñecer os primeiros seis integrantes da candidatura

Pouco a pouco imos coñecendo os candidatos á alcaldía dos diferentes partidos nos concellos da comarca de cara ás vindeiras eleccións municipais do 26 de maio. No caso de Santiso, o BNG vén de facer público quen será o seu cabeza de lista -Manuel Adán, actual rexedor-, así como os primeiros integrantes da candidatura.

"Grupo de veciños, como nos gusta definirnos, formamos a que creemos é a lista máis forte, seria, comprometida e con máis carga de ilusión que se pode presentar no concello de Santiso", apuntaron. "Cando todos sabemos da problemática que teñen pra completar a lista outras das candidaturas que se rumorea que se van a presentar en Santiso, a nosa leva tempo traballando e cavilando en que podemos mellorar o que ate o de agora se leva facendo con tanto esforzo por parte do equipo de goberno que lidera Manuel Adán", engadiron.

O equipo nacionalista destacou a experiencia e as ganas do seu grupo, "mesturamos a veteranía e a experiencia de membros que repiten, coa ilusión e forza de xente que dá o paso por primeira vez, os cales veñen con ganas de rematar proxectos que teñen os cementos anos atrás"; e agradeceron a boa acollida dos veciños á candidatura, "desde a dirección deste grupo queremos dar as grazas a todos aqueles veciños que nos recibiron cos brazos abertos e atenderon de tan boa maneira a oferta de formar parte deste grupo. Para aqueles que coma Jose, Alex ou José Antonio dan o paso por primeira vez ou para os que animan e empuxan desde o anonimato, grazas".

Balance

"A nosa maneira de traballar seguirá sendo a mesma que nestes seis anos nos que o equipo de goberno se mantivo en todo momento ao lado dos seus veciños en problemáticas tan distintas como poden ser a loita contra o catastrazo ou a defensa do ensino pelexando polo mestre que nos pertence. Manolo Adán, o alcalde, céntrase na atención aos seus veciños, fose cal fose o día ou a hora e, sobre todo, estando o seu lado cando o necesitaban", recalcaron dende o colectivo.

A candidatura do BNG no concello de Santiso estará integrada por dezanove persoas. "Seremos dezanove, dos cales David de San Román, Alejandro de Mourazos, Sara de Belmil, José Antonio de Serantes, Pablo de Pezobrés, Jose do Padrón, e con Manolo Adán como cabeza de lista, ocuparán os primeiros postos", anunciaron.

Este grupo de sete veciños está xa a organizar o traballo de cara aos vindeiros meses pensando en "como seguir coa filosofía levada a cabo durante seis anos nos cales se investiu moito no noso concello, se fixeron obras e se iniciaron proxectos que necesitan o último empuxón para facerse efectivos".

Crean un rexistro de bens para frear o despoboamento

Dentro do programa Santiso en Pé (que persegue o obxectivo de manter e atraer poboación ao municipio), unha das iniciativas máis importantes é a creación dun rexistro de bens. Trátase dun rexistro que inclúe granxas e vivendas, tanto en réxime de venda como en aluguer, situadas no concello de Santiso e que nun futuro contempla incluír tamén fincas de terra e dotar dunha axuda económica ás operacións de compravenda ou aluguer dos bens rexistrados.

Coa creación deste rexistro o Concello de Santiso pretende "darlle unha vida máis ás casas e granxas que os maiores deixan, manter vivas e con uso as granxas cando os gandeiros cesan a súa actividade e darlle uso ás fincas".

Noutras palabras, "a idea é encher de contido o rexistro, con axudas económicas para as vivendas inscritas no mesmo, así como colaborar con outras administracións para o beneficio de propietarios e usuarios", explicaron dende o Concello.

Calquera propietario de inmobles en Santiso pode facer uso deste servizo de xeito gratuíto. As persoas interesadas obterán máis información no propio Concello ou a través do correo electrónico cristina.tato@santiso.gal.

Fomento da natalidade

Sempre co obxectivo de frear o descenso de poboación, dende o Concello de Santiso lembraron que dende hai anos contan cunha liña de axudas ao fomento da natalidade, que hai tres anos ampliou a súa contía ata os 600 euros por cada fillo nado.

Entre os requisitos para poder acceder a esta axuda figuran que os pais teñan a súa residencia habitual fixada neste municipio e estar empadroado, un deles, con tres meses de antelación ininterrompidos, así como manter esa residencia en Santiso durante o prazo mínimo de 5 anos dende o nacemento do fillo ou filla.

Dende que se implantou a medida, practicamente todas as familias do municipio recibiron esta achega para o fomento da natalidade.

Licitan por 536.000 euros as obras dunha senda peonil en Santiso

A Deputación da Coruña licitou por algo máis de 536.396 euros as obras de mellora da seguridade vial da estrada provincial DP 4603, ao seu paso polos núcleos de A Balada e Vilar de Ferreiros, en Santiso.

As obras suporán a construción dunha senda peonil de case tres quilómetros de lonxitude, nunha zona que atravesa tres núcleos rurais nos que hai numerosas vivendas dispersas.

Segundo explicou o presidente da Deputación, Valentín González Formoso, as obras "suporán un importante investimento para garantir a seguridade dos veciños que se desprazan a diario entre estes núcleos" e enmárcanse na aposta do seu goberno por crear sendas e beirarrúas que melloren a seguridade dos viandantes na rede provincial de estradas, especialmente nos núcleos rurais.

As obras mellorarán a estética desta zona coa plantación de árbores e céspede, a instalación de bancos e a ocultación dos contedores de lixo.

O PP critica que o Concello de Santiso renunciase a un obradoiro de emprego

A voceira do Partido Popular en Santiso, Matilde Pallares, criticou que o goberno local renunciase, segundo asegurou, á solicitude dos obradoiros de emprego que a Xunta de Galicia pon a disposición dos concellos. Pallares cualificou de "desfachatez" e de "auténtico sinsentido" a decisión adoptada polo executivo local cando, recordou, "o municipio conta na actualidade con máis de 80 persoas desempregadas". A tamén candidata do PP á alcaldía de Santiso nas vindeiras eleccións municipais destacou que "mentres en concellos limítrofes si participaron nesta iniciativa, nós seguimos cruzados de brazos".

A Xunta investiu en Santiso 1,6 millóns de euros en 2018

Foi o delegado territorial da Xunta, Ovidio Rodeiro, quen deu conta das cifras durante unha visita que realizou á obra da rede de camiños de Vilantime-Visantoña, que afecta aos concellos de Arzúa e Santiso, e nos que a Consellería de Medio Rural investiu en 2018 máis de un millón de euros. Rodeiro lembrou que nestes dous concellos estanse executando en total catro reestruturacións parcelarias nas que se investiron nos últimos anos máis de 6,1 millóns, concretamente nas reestruturacións de Vilantime e Dombodán-Branza en Arzúa e en Novela-Liñares-Pezobres e Serantes-Niñodaaguia en Santiso. Estas catro parcelarias afectan a 2.078 propietarios e estanse executando sobre 13.150 hectáreas.

Tamén durante a súa visita, o delegado territorial resaltou o apoio ás políticas sociais no municipio de Santiso coas achegas de axuda a domicilio. Con este apoio -221.000 euros- atendéronse en Santiso a 45 usuarios. Outra das partidas importantes que destacou o responsable da Xunta foron os Fondos de Cooperación Local, que destinaron a Santiso un total de 141.000 euros.

Toques inviste preto de 900.000 euros na mellora de varios camiños

Máis de 880.000 euros é o que está a investir o Concello de Toques en traballos de mellora de diferentes viarios do municipio; unha achega coa que se realizaron actuacións en diversos camiños e accesos rurais, e que permitirá renovar as beirarrúas de Souto e executar os traballos de eliminación das curvas do Toxo.

O Camiño Bolleiro a Quenllas, o Camiño de Souto a Mangoeiro e o Camiño na Carballeira en Ordes, verán mellorada a súa pavimentación con tratamento asfáltico superficial, así como tamén se levaron a cabo actuacións de reparación de fochancas e perfilado de mordentes. Nestas actuacións investiuse algo máis de 92.500 euros.

Por outra banda, tamén se está mellorando a pavimentación en Camiño de Franqueán en Santa Eufemia, no acceso a Chente en Brañas, no Camiño do cruce de Vilares na Graña e Curros na Capela, no acceso a Irago de Abaixo en Vilamor, no Camiño de Quintá e en Porto Salgueiro. A estes traballos destináronse máis de 96.000 euros. A mellora da pavimentación nas zonas rurais tivo un orzamento total de 225.000 euros.

Dende o Concello tamén apuntaron que a estes traballos hai que sumar as actuacións que se executarán nas beirarrúas de Souto, que serán renovadas, para incrementar a seguridade de viandantes e condutores na zona. Esta actuación ten un orzamento de 240.000 euros.

Travesía de Souto en Toques

Ao mesmo tempo, e cun comezo case inmediato, o Concello de Toques tamén verá cuberta nos vindeiros meses unha das súas principais demandas durante anos: a eliminación das curvas do Toxo; de feito, días atrás xa comezaron os traballos de topografía previos á eliminación deste perigoso treito.

Cun orzamento de 418.000 euros, este proxecto supoñerá a eliminación definitiva dun punto negro de tráfico no que se rexistra unha elevada sinistralidade, coa corrección e mellora de trazado dun tramo de 600 metros que discorre entre os núcleos de A Cabana (Toques), e o de Pereira (Melide).

Miguel Buján, alcalde de Toques, destacou que o obxectivo de todas estas melloras é "facilitar a vida dos veciños e veciñas do municipio, ofrecéndolles medidas para que a súa vida no rural sexa máis práctica e polo tanto mais accesible. Queremos incrementar o asentamento das familias no rural e iso só se consigue mellorando as nosas infraestruturas e facendo a vida aos que viven aquí máis doada", apuntou.

Buján agradeceu unha vez máis á Deputación da Coruña o seu apoio "xa que concellos pequenos como o noso", dixo, "precisamos das axudas de institucións públicas supramunicipais para poder executar obras deste tipo".

Rematan este mes os traballos de reparación no mosteiro de Sobrado

No mes de marzo está previsto que rematen os traballos de reparación integral da cuberta do claustro de peregrinos do mosteiro de Sobrado; unha obra que financia a Deputación da Coruña con algo máis de 62.000 euros.

A actuación consiste na reparación das cubertas das alas sur, este e oeste do claustro, que presentaban un elevado grao de deterioro debido ao paso do tempo e á falta de mantemento, e que supoñían un perigo polo continuo desprendemento das tellas nun lugar cunha afluencia constante de visitantes. Ademais, o mal estado da cuberta producía filtracións de auga no interior do mosteiro, monumento declarado Patrimonio da Humanidade pola Unesco, que se resolverán unha vez rematados os traballos.

Estas obras completarán as reformas xa levadas a cabo pola institución provincial na ala norte que dá acceso ao claustro e suporán a renovación integral da cuberta con tella vermella de cerámica curva, de similares características á existente na actualidade.

Medio Rural concedeu axudas a dezasete gandeiros de Toques

Un total de 17 gandeiros e agricultores de Toques recibiron axudas de Medio Rural para a incorporación de mozos a esta actividade e a realización de melloras nas súas explotacións, por un importe total de 444.000 euros.

Foi o delegado territorial da Xunta na provincia, Ovidio Rodeiro, quen deu a coñecer o dato durante a visita que realizou a unha explotación gandeira de Saamil en Toques. Rodeiro lembrou que "está é unha das ordes de axudas máis destacadas da Consellería de Medio Rural, xa que consegue mellorar a estrutura produtiva das explotacións e mellorar a competitividade do rural galego".

Balance das achegas en 2018

O delegado territorial tamén destacou durante a súa visita o investimento realizado por parte da Xunta de Galicia no municipio de Toques durante o pasado ano, que ascendeu a máis de 2,2 millóns de euros.

Concretamente, a Consellería de Medio Rural investiu 1,7 millóns de euros en plans como a PAC, o Leader, as axudas para a creación de superficies forestais, ou as achegas para a contratación de mozos e pequenas explotacións, e que chegaron a 286 beneficiarios. Por outra banda, destináronse máis de 44.000 euros ao Plan de Mellora de Camiños Municipais.

Outra das partidas que recibiu este concello foi o Fondo de Cooperación Local, que supera os 156.000 euros; e as achegas para a axuda a domicilio e para o RISGA con máis de 111.000 euros que beneficiaron a 26 usuarios.

Case 190.000 euros para o mantemento das estradas na comarca durante 2019

O Plan de Conservación de Vías provinciais da Deputación da Coruña destinará este ano un total de 187.381,57 euros aos concellos de Melide, Santiso, Sobrado e Toques. Este programa contempla a execución de traballos de mantemento, mellora do firme e reparación de fochancas; unha serie de actuacións destinadas a mellorar as condicións de circulación, aumentar a seguridade viaria e reducir a sinistralidade nas estradas. A primeira fase do plan supón un investimento medio de case 4.000 euros por quilómetro de estrada. En canto a súa totalidade, a Deputación da Coruña destinará este ano preto de oito millóns de euros para financiar este Plan que, con respecto a 2018, se incrementou en 100.000 euros.

Curso de defensa persoal en Santiso

Santiso acollerá un curso teórico práctico de defensa persoal para mulleres a cargo dun especialista en defensa persoal e un profesional para a parte teórica. A duración do curso será de oito horas. A actividade enmárcase dentro da conmemoración do 8 de marzo, Día da Muller. Máis información no Concello de Santiso.

“Arzúa-Ulloa é o queixo con Denominación de Orixe máis consumido polos galegos”

Máis de corenta edicións celebrando a Festa do Queixo dan conta da importancia deste produto na comarca e arredores. Ao longo da súa traxectoria como Denominación de Orixe, o queixo Arzúa-Ulloa recibiu numerosos premios entre os que se atopan Mellor Queixo de España de pasta branda ou Mellor Queixo Ecolóxico. José Luis Carreira Valín é o presidente do Consello Regulador da Denominación de Orixe Protexida Arzúa-Ulloa e coñece como ninguén este manxar; con el conversamos para saber un pouco máis sobre as funcións do Consello Regulador e os retos futuros aos que se enfronta este produto.

- Cales son as funcións do Consello Regulador?

- José Luis Carreira (J.L.C.): Fundamentalmente o control e a promoción. O Consello Regulador ten que velar porque se aplique o regulamento en todo o que comprende dende a materia prima, que é o leite, ata o proceso de elaboración e a vixilancia na comercialización. Por exemplo, que todo o leite que se produza sexa de granxas que estean na rede xeográfica definida no regulamento, e despois controlar todo o que é a transformación, así como velar porque o produto estea totalmente identificado e contraetiquetado no mercado. Ese é o labor fundamental do Consello, e por suposto a promoción.

- Que requisitos debe cumprir un queixo amparado pola D.O.P. Arzúa-Ulloa?

- J.L.C.: O primeiro é que o leite ten que proceder dunha determinada raza de vacas, neste caso de rubia galega, frisona, pardo-alpina e os seus cruces. Ten que ser sempre leite enteiro, natural, tal e como é producido e procedente da área xeográfica protexida; e en canto aos ingredientes que estes respondan aos de sempre, aos ingredientes tradicionais. Hai que ter en conta que a Denominación de Orixe sempre responde a unha tradición, co cal a alteración dos métodos tradicionais non sería compatible; quizais iso tamén é o valor fundamental desa Denominación de Orixe; é dicir, que responde a unha tradición e a un método de facer que vén xa de séculos atrás.

- Cal é a diferenza ente unha Denominación de Orixe e unha Indicación Xeográfica Protexida?

- J.L.C.: A Indicación Xeográfica Protexida é unha figura que tamén responde a un método de facer, pero non tanto á orixe onde se produce a materia prima, como é no caso das Denominacións de Orixe. O caso é que ao final as Denominacións de Orixe son ferramentas de desenvolvemento; un desenvolvemento que normalmente está vinculado a zonas que por diversas circunstancias non teñen un desenvolvemento industrial potente, porque son comarcas que teñen unhas características singulares; a Ribeira Sacra por exemplo, ou o caso de Arzúa Ulloa. E o feito de que esa materia prima proceda dese lugar é unha maneira de desenvolvemento e, no noso caso, de que as granxas produzan.

José Luis Carreira preside o Consello Regulador da D.O.P. Arzúa-Ulloa dende hai preto de vinte anos

- Que volume de produción manexa a D.O.P. Arzúa-Ulloa actualmente?

- J.L.C.: Levamos varios anos acadando o mesmo volume de produción, en torno aos tres millóns e medio de quilos aproximadamente a través de 21 industrias de elaboración e 1.500 explotacións gandeiras. Convén sinalar que o sostemento non se basea en crecer continuamente, senón en manterse, e no noso caso mantemos a consolidación pese á xuventude de Denominación, que nos foi recoñecida no ano 95. É preciso destacar ademais que somos o queixo con Denominación de Orixe máis consumido polos galegos, somos o queixo do país por excelencia, que é como moitos nos coñecen, e se ben é certo que o 80% da produción se consume en Galicia, si que temos que traballar a comercialización tanto en España como a nivel estranxeiro.

- Como distingue o consumidor final un verdadeiro queixo Arzúa-Ulloa?

- J.L.C.: Arzúa-Ulloa ten unha contraetiqueta numerada. Se ti vas buscando un queixo Arzúa-Ulloa, ou un queixo similar, e queres algo con garantía, tes que buscar sempre a contraetiqueta; aí está o noso control. Logo, que nalgún establecemento poida haber a picaresca de queixos con textura similar, si, pero se non teñen a Denominación de Orixe non responden ao que nós estamos a definir. Logo hai outro mercado do queixo sen identificar, sen etiquetar, e ese queixo é un queixo sen garantías. Un queixo Arzúa-Ulloa sempre o imos a atopar coa súa contraetiqueta.

- Comentaba vostede que a promoción é outra das funcións do Consello Regulador. Con que novidades contan nese senso?

- J.L.C.: Estamos nun momento onde cada vez hai máis turismo gastronómico, e iso leva implícito identificar un territorio cun determinado produto; tendo en conta iso agora mesmo estamos a traballar en proxectos de promoción relacionados co Camiño de Santiago. Se ben é certo que xa temos un slogan que di “O queixo Arzúa-Ulloa é a tentación do Camiño”, agora queremos ir máis alá e desenvolver durante este 2019 outros proxectos de promoción relacionados con esta ruta de peregrinación. Ademais, co obxectivo de que o queixo Arzúa-Ulloa se consolide como a nosa seña de identidade e que os veciños o perciban como un produto propio, gustaríanos que os colexios da área xeográfica nos convidasen a realizar catas para falar do noso queixo. Non só ten que ser en Arzúa no marco da Festa do Queixo, senón en calquera outro momento e en calquera outro colexio da área xeográfica que conforman os 27 concellos da Denominación de Orixe. Debemos darlle forza e aproveitar o potencial que ten o noso produto estrela que é o queixo. Para iso tamén estamos traballando na idea dunha ruta do queixo, igual que se fan rutas do viño, pois unha do queixo. Logo contamos coas actividades promocionais de sempre, como a participación na Festa do Queixo, outro tipo de feiras como Alimentaria e Gourmets, actividades en escolas de hostalería tales como catas comentadas, etc.

- Como consumidor, que ten de especial o queixo Arzúa-Ulloa para vostede, que é o que o fai diferente?

- J.L.C.: O que ten de especial é que é un queixo suave de vaca, de pasta branda, moi cremoso. Eu case diría que a súa cremosidade é a súa característica fundamental. Definíao moi ben Álvaro Cunqueiro cando dicía que o queixo Arzúa-Ulloa “é un queixo que se funde no padal e baixa pola gorxa cunha tenrura infinita que nos recorda aos tempos de teta e biberón de anos lonxanos, pero que algún recordo deberon deixar”. É unha suavidade que o fai apto para case todo tipo de padais, e ao mesmo tempo é un queixo con personalidade.

- Sempre se fala dos beneficios de consumir certo tipo de alimentos, no caso do queixo Arzúa-Ulloa cales serían?

- J.L.C.: Máis que falar de beneficios, eu sempre digo que o máis importante é consumir produtos o máis íntegros posible e o máis naturais posible, e cando falamos diso estamos falando das Denominacións de Orixe, porque son as que menos alteran a materia prima e máis coidan o método tradicional. Son polo tanto produtos menos procesados, e creo que consumir produtos o menos procesados posible sempre é saudable.

MAGNIN

"Moda pensada y dedicada sólo para mujer"

Rda. da Coruña, 32 (Melide) **Tlfn.: 881 99 84 49**

intres FOTOGRAFIA

in3

"Se sabes agardar,
a xente esquecerase da túa
cámara e entón a súa alma sairá á luz"

Steve McCurry

in3foto@gmail.com

Tlf: 658 663 898 / 881 974 224
Melide Avenida de Toques, 2

MELIMATICASL
TU TIENDA DE INFORMÁTICA

Venda e Reparación Equipos Informáticos, Mantemento Empresas Aluguer de Equipos Informáticos ,Telefónica Móvil, Reparación de Móvil e Tablet , Fotografía e Video, TV , Sonido, Video vigilancia, Instalación TPV Restauración, Instalación de Control de Presencia en Hoteles e Albergues , Recuperación de Datos, Saida a Domicilio e Reparación in Situ, Todo para Gaming , Presupuestos sin Compromiso

REPÚBLICA MÓVIL

Cansado de Pagar de Máis pola Tua tarifa de Movil

VENTE CON NOS
Nuestras tarifas
Mismas en contrato y prepago | Sin permanencia | 4G

Para los que hablan poco			Con llamadas ilimitadas		
Cero	0€	0GB 0 min.	Mini ∞	7€	0GB Llamadas ilimitadas
Mini +	5€	3GB 150 min.	Pequeña ∞	10€	3GB Llamadas ilimitadas
Pequeña +	10€	7GB 150 min.	Mediana ∞	15€	7GB Llamadas ilimitadas
Mediana +	15€	12GB 150 min.	Única ∞	20€	23GB Llamadas ilimitadas

IVA
Única ∞
20 € al mes
23GB Llamadas ilimitadas
Contratar
Ver detalle

Atopanos na : RUA Otero Pedrayo Nº 6 Baixo

MELIDE—CP 158000—Tfno 981507881

compras@informaticamelide.com

PORTÁTIL ASUS A540NA-GQ058 - INTEL N3350 1.1GHZ - 4GB - 500GB - 15.6"/39.6CM

intermax technology

GSMA MWC19™ Barcelona

#intermaxenMWC19

900 866 972 redintermax.com

Alexandre Bóveda, Nº 5 - 15800 (Melide)

Yakart
autocaravanas
IV
FERIA DEL CARAVANING EN LUGO
DEL 11 AL 17 DE MARZO
CTRA. DE A CORUÑA 202 N-VI KM.507 LUGO // DE 10H A 14H Y 16H A 20H
twitter /YAKARTAC
facebook /YAKARTAUTOCARAVANAS
/YAKART_AC

Á parte da carta habitual temos:
- cocido TODOS OS DOMINGOS
- pratos especiais TODOS OS DÍAS
casa
alongos
"COCIÑA con CORAZÓN"
- Reservas, presupostos para grupos,
configuración personalizada do teu menú
- Chámanos ou tamén por enderezo electrónico
Camiño Vello de Santiago (MELIDE)
www.casaalongos.com / info@casaalongos.com
Tfno.: 981 506 392 - Móbiles.: 619 229 334 / 686 312 851

Ser impecable está de moda
CALIDAD E HIGIENE ALIMENTARIA
www.plagostel.com
Plagostel
N.R.S. (0177-GAL-SPO)
Analíticas alimenticias | Laboratorio
Legionela | Control de plagas
Manipulación alimentos | Formación
comercial@plagostel.com | 986 118 714 | 698 163 399

MEyPA
Instalaciones eléctricas
663 972 281
INSTALACIÓN MANTENIMIENTO REFORMAS
VIVIENDAS LOCALES GRANJAS GARAJES
LED DOMOTICA DATOS PORTEROS BOMBAS AGUA ...
info@meypainstalaciones.es

Entroido 2019 NA COMARCA

Entroido en Melide (Fotos: Turismo Melide)

Entroido en Santiso (Fotos: Concello de Santiso)

Entroido en Sobrado (Fotos: Concello de Sobrado)

Entroido en Toques (Fotos: Concello de Toques)

A comparsa *Honra a Nosa Señora da Anpa*, do Mestre Pastor Barral, 1º premio no concurso de Entroido de Melide

A choiva non foi quen de estragar as ganas de troula e de Entroido dos veciños e veciñas do concello de Melide, un dos máis concorridos en cada edición. Cun Palacio de Congresos ateigado de xente, o humorista galego Fredi Cruxer foi o encargado de conducir a celebración o pasado martes día 5.

En canto aos gañadores, poucas novidades, pois por cuarto ano consecutivo a comparsa da Anpa do colexio Mestre Pastor Barral fíxose co primeiro premio, dotado cunha recompensa de 1.000 euros.

Se na edición de 2016 lograron a vitoria recreando un circo italiano, en 2017 unha colorida comunidade hippie, e en 2018 coa posta en escena da Feira de Abril -con 'tablao' sevillano, praza de touros e postos de feira incluídos-, este ano o máis de medio cento de persoas que conforman a Anpa alzáronse co primeiro posto na categoría de comparsas recreando as festas na *Honra a Nosa Señora da Anpa*. O conxunto incluía atraccións, postos de feira, orquestra, zancudos e cabezudos, charanga, gaitas e mesmo pregoeiros.

Palacio de Congresos ateigado de xente coa comparsa gañadora sobre o escenario

Pola súa parte, o segundo premio en comparsas foi para *As criaturas máxicas do bosque*, un grupo formado por veciños e veciñas de Melide e Toques. O premio estaba dotado con 700 euros.

Na categoría de grupos o primeiro premio, de 400 euros, foi para *Os Mexicanos*, formado pos mozos e mozas de Melide; e o segundo premio nesta categoría (300 euros), foi para *A Vaquiña polo que vale*, integrado por tres veciños de Melide, dous deles disfrazados de mulleres labregas cun tenreiro nunha carreta.

En canto á categoría de individuais e parellas, o primeiro premio, dotado con 150 euros, foi para *Nico Pastor*, cun disfrace composto por nai e fillo; mentres que o segundo, dotado cunha cantidade de 100 euros foi para o disfrace *Punkies*, tamén composto por unha nai e a súa filla.

Os rapaces e rapazas do Centro Ocupacional de Melide tamén se presentaron ao concurso e foilles entregado un detalle especial de agradecemento pola súa participación ano tras ano.

Pese ao mal tempo, o Palacio de Congresos e Exposicións de Melide reuniu a centos de persoas durante toda a tarde con ganas de pasalo ben e de gozar dunha xornada diferente na vila. Ao igual que o ano pasado, Melide repartiu desta vez un total de 2.650 euros en premios.

Os máis pequenos tamén puideron gozar dunha gran festa infantil de Entroido

Na gardería de Melide celebraron o Entroido disfrazados de bonecos de neve

O Antroido de sempre

A Asociación Cultural e Ecoloxista Curuxás organizou un ano máis o seu antroido coa correspondente lectura do pregón e a queima do antroido. Desta vez, a choiva obrigou a trasladar a queima de lugar, pero iso non evitou que o meco ardese ata rematar feito cinsa. Ao igual que o ano pasado, a Asociación Veciñal Melidá colaborou, entre outras cousas, coa achega de doces e chocolate para os asistentes, así como outros grupos de música tradicional tales como Herba Grileira ou Gaiteiros do País, que encheron de son os pasarrúas. Pese ás malas condicións meteorolóxicas, a lectura do pregón congregou a numeroso público.

(Foto: S.S.)

Bronce para o Ayude en Loita Olímpica

Este ano Galicia foi a encargada de organizar o campionato de España de Loita Olímpica en categoría absoluta. Foi en Santiago a cargo da Federación galega en colaboración coa española. Aron Ayude, do Ayude de Santiso, debutou nesta categoría, na máxima de 130kg -en grecorromana- e fíxoo da mellor maneira posible, subindo ao podio cun bronce; o único para Galicia en grecorromana. Aron, que vén de facerse co ouro en Sub23, suma así outro éxito nacional ao seu palmarés. A próxima cita será xa noutra disciplina, en kickboxing, o 6 e 7 de abril en Ourense.

Día de Rosalía de Castro

O pasado 24 de febreiro celebrouse o Día de Rosalía de Castro e foron numerosas as iniciativas por toda a comarca. No caso de **Melide**, o Concello sacou á rúa os poemas da autora (pertencentes ás obras Follas Novas e Cantares Gallegos) que penduraron en diferentes balcóns do casco antigo da vila. En **Visantoña**, a asociación O Noso Lar celebrou o Día de Rosalía escoitando a súa poesía, degustando o caldo de groria e asistindo á representación teatral "Pode ser calquera..." (de Charamela) no centro cultural de Visantoña.

Hermanamento con seis países europeos

O Concello de Melide formalizou un pacto de hermanamento con representantes de municipios de diferentes países europeos que visitaron días atrás Melide, concretamente, de Portugal, Polonia, Hungría, Italia, Eslovaquia e Letonia. Este hermanamento europeo, ao que asistiron a alcaldesa de Melide, Dalia García, e a conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Vázquez, entre outros, serve para poder poñer en marcha iniciativas que enriquezan culturalmente ás persoas que participan nelas e ao mesmo tempo, coñecer diferentes territorios dentro de Europa.

Borboriño Xeado no Fórum Gastronómico

Borboriño Xeado con Orixe participou no Fórum Gastronómico celebrado na cidade da Coruña do 10 ao 12 de marzo. Os visitantes puideron degustar os seus produtos e coñecer un pouco máis sobre esta casa dedicada, principalmente, á elaboración de xeados artesáns. Tamén estivo presente no Fórum Gastronómico a festa do Melindre de Melide cun obradoiro sobre os seus doces típicos. O público degustou os doces tradicionais elaborados por Casa Melchora, Pastelería Estilo, Panadería Tahona e Pastelería Trisquel.

Sérgio Carolino en Visantoña

O tubista portugués e Artista Internacional Yamaha Sérgio Carolino impartirá unha masterclass os días 16 e 17 de marzo en Visantoña; dentro dunha iniciativa promovida pola Asociación Cultural Banda-Escola de Música de Visantoña. As inscricións están abertas ata o 12 de marzo. Sérgio Carolino é un dos tubistas máis aclamados da escena internacional, cunha constante actividade como solista e profesor en varios festivais de música, conservatorios e universidades a nivel nacional e internacional.

Pacto polo clima e a enerxía

Tras asinar a súa adhesión ao Pacto dos Alcaldes polo Clima e a Enerxía, agora o Concello de Melide deberá realizar os trámites pertinentes para que Melide sexa un concello que forme parte deste colectivo. O Pacto polo Clima e a Enerxía é un acordo que compromete ás administracións públicas a executar accións a prol do medio ambiente que vaian vinculadas á redución de CO_2 no territorio e a auditar a situación medioambiental do mesmo. Será a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, quen acreditada pola Unión Europea, guíe e oriente aos municipios adheridos a este plan para asumir os obxectivos europeos para 2020 en materia de clima e enerxía, e para que adopten un enfoque integral para a atenuación do cambio climático e adaptación a este fenómeno. Deste xeito, proporcionará consellos personalizados para cada caso, identificando as posibles sinerxías.

Os cazadores elixen presidente

O pasado 3 de marzo celebráronse as eleccións á presidencia e directiva da Asociación Deportiva de Cazadores de Melide. Presentáronse dúas candidaturas, unha delas encabezada por Juan Manuel González, e outra por Bruno Carril, resultando elixida por maioría aplastante a de Juan Manuel González. Dos 302 socios con dereito a voto, votaron 249. Os resulados foron un voto nulo, 97 votos para a candidatura de Bruno Carril, e 151 votos para Juan Manuel González que con este resultado renova e continaurá como presidente catro anos máis ao fronte da asociación. O obxectivo, declarou, "continuar na liña de sempre facendo unha caza sostible e coidando o Medio Ambiente para que as especies poidan vivir".

Copa Galicia Terra de Melide

A proba internacional para cans de rastro Copa de Galica Terra de Melide celebrarase os días 6 e 7 de abril. As inscricións están abertas e xa poden realizarse a través do número de teléfono 615 986 688. O sábado 6 celebraranse as probas de rastro de xabaril, mentres que o domingo 7 terán lugar as probas de rastro de xabaril local. Todos os participantes recibirán un agasallo

XIV Campionato de pesca Terra de Melide

O sábado 6 de abril a Asociación de Troiteiros Río Furelos de Melide celebrará o XIV Campionato de pesca Terra de Melide. As inscricións están abertas, polo que as persoas interesadas en participar xa poden anotarse por teléfono (696 607 348), e tamén por correo electrónico (asociaciontroiteiros@gmail.com). Durante a xornada haberá ademais un xantar de confraternidade e a correspondente entrega de trofeos.

II Gala do Folclore da Terra de Melide

A II Gala do Folclore da Terra de Melide, organizada por Herba Grileira, foi todo un éxito. A Casa da Cultura de Melide encheuse de público para escoitar e ver ao alumnado desta escola de música e baile tradicional, poñendo voz, son e rostro ás pezas recollidas na comarca a principios do século XX polo Seminario de Estudos Galegos. Herba Grileira traballa agora no seu IV Festival Infantil, que se celebrará o domingo 17 de marzo ás 12 do mediodía na Casa da Cultura, e que contará con Xirandola (de Bandeira), como agrupación convidada nesta edición.

Luis Piedrahíta en Melide



O sábado 30 de marzo Luis Piedrahita interpretará en Melide o monólogo "Las amígdalas de mis amígdalas son mis amígdalas". Será a partir das 20 horas na Casa da Cultura de Melide. As entradas xa están á venda en Muxica Tenda Xoven e Estanco Angarela.

A lección de Bob Esponxa á alcaldesa de Melide

Hai unhas semanas coñeciamos a triste nova de que Melide perdía un evento cultural cuxa fama xa transcendera as fronteiras de Galicia e estaba firmemente consolidado no panorama da música tradicional galega: a Foliada. Catorce anos de traballos e prestixio botados polo retrete da maneira máis buzaca e prepotente, coas formas propias dun equipo de goberno, capitaneado por Dalia García Couso, que fixo da metástase o seu libro de estilo.

Si, metástase. Porque unha das trazas máis definidoras do mandato da licenciada Couso -tamén de Miguel Pampín e Ángeles Vázquez- é comportarse coma un cancro para a cultura melidense: toda manifestación cultural xenuína que toca, ou a mata ou lle amosa a dentame predadora para marcar territorio, coma se o concello fose o seu feudo particular e os recursos do pobo unha mercadoría para negociar simpatías.

Pasoulle e pásalle á Asociación Cultural e Ecoloxista Curuxás no seu esforzo por manter vivo o antroido tradicional. Aconteceu e acontece co Museo da Terra de Melide, outra referencia para sentirmos orgullo como pobo. Calquera concello de Galicia do tamaño do noso, e moitos ben máis grandes ca nós, darían o que fose por ter unha institución coma o Museo, con todo o traballo de investigación e recompilación de memoria arqueolóxica e histórica que atesoura, e con ese edificio xa emblemático na xeografía urbana da nosa vila. Da mesma maneira, quen lle dera a moitas comarcas galegas ter unha festa cunha sona e prestixio tan difíciles de acadar como a Foliada.

Por desgraza, o actual goberno local nunca valorou estas manifestacións egrexias da cultura melidense, como tampouco valorou o traballo e a actividade de colectivos como a Asociación Cultural Terra de Melide, o Centro de Estudos Melidenses, Curuxás, Herba Grileira ou, máis recentemente, a Asociación Veciñal Melidá.

Pola experiencia que nos toca, sabemos o que é non caerlle en graza á rexedora municipal: todo tipo de atrancos burocráticos ás nosas actividades, negativa a facilitarnos os medios materiais máis básicos para desenvolver o noso traballo, guerra aberta cando criticamos lexitimamente as súas paifocadas. No outro extremo, vemos como se desbalden miles de euros en espectáculos e festexos que, sen restarlle valor cultural, son só fogos de artificio que se queiman nun intre e nada fan nin deixan para a cultura melidense.

Tanto ten, señora alcaldesa. Melide xa era un referente na cultura galega antes de que vostede nacese, e seguirá a selo por moito que tente masacrar a golpe de indiferenza ou de silencio administrativo as súas expresións culturais. Para que o entenda, imos botar man dunha referencia que probablemente estea ao alcance do seu intelecto: Bob Esponxa. Sabe cal é o ingrediente secreto da Burguer Cangre Burguer? É o amor. Iso afirma o porífero máis famoso da caixa boba e nós levámolo ao plano cultural para ratificalo. Sen amor, sen ilusión, sen paixón, sen teimosía, sen tecermos redes de afecto, a cultura non é posible.

Así é, licenciada Couso. A cultura, como as cousas máis importantes da vida, non se pode mercar. Sabemos que debe ser frustrante para alguén que dispón de millóns de euros nos orzamentos municipais para gastar ao seu antollo, pero é así. Vostede non pode mercar a vida cultural de Melide. Saberao cando se esnafre ao pretender organizar esa pseudofoliada que anunciou con tan pouco tacto e menos intelixencia dende o Concello. Certo que os cartos poden axudar, pero non fan cultura. Non son cultura. E, grazas a iso, Melide seguirá a ser un referente cultural na Galiza: Porque temos os vimbios e o capital humano necesarios para seguir séndoo, e porque vostede non ten nin remotamente a máis mínima posibilidade de parar esa forza. Por moito que lle pese, señora alcaldesa, por moito que lle pese.

ASOCIACIÓN VECIÑAL MELIDÁ
Móbil: 601 60 44 88
E-mail: asociacionmelida@gmail.com

Coidado ca pedra do trigo!

José Núñez López

Lendo no Boletín de Estudios Melidenses, Museo da Terra de Melide, número 31, Nadal 2018, a colaboración de D. Ramón Fraga García, profesor de Lingua e veciño de Melide, sobre o tema titulado "Notas Etnolingüísticas da Terra de Melide (VIII)", viñeron á miña mente algúns recordos.

Na colaboración faise referencia á Pedra do Trigo, que se aplicaba á semente deste cereal para evitar que fose atacada a espiga por unha enfermidade chamada Caruncho. Ben, pois esta lectura tróuxome a min o recordo de cando, como fillo de labrador e traballador do campo ata cumprir os vinte anos de idade, había que ir a comprar a pedra do trigo.

Comprábase nas tendas de Melide e eran unhas pedriñas de cor azul, que era necesario moer nun recipiente ata que quedaban feitas fariña para despois botar esa fariña na auga dun caldeiro onde se remexía o grao de trigo, antes de sementalo na terra.

Coa tal pedra do trigo había que ter moito coidado porque se dicía que era velenosa, e por iso, os recipientes nos que se facían esas tarefas non podían ser utilizados para poñer neles auga de consumo nin outros produtos comestibles sen antes seren lavados moi a fondo para que quedasen desinfectados.

Quero referirme a tempos moi antigos, cando o trigo non se sementaba nas leiras dos agros, como ocorría co centeo, o millo, ou as patacas, senón que se cultivaba nos montes cheos de toxos, silvas, xestas, codesos, carpazas e outras malezas.

Estes terreos de monte estaban divididos en zonas chamadas Estivadas, nas que cada veciño da parroquia tiña unha parcela que era cavada a man con legóns moi pesados, para deixar patas arriba as raíces das malezas para, pasado algún tempo, facer uns montóns chamados borreas que, ben queimadas, cando chegaba o día de sementar o trigo esparexíanse sobre a terra na que se ía sementar o trigo; sendo este traballo de cavar os montes a man, un dos máis duros do campesiño.

Pero para sacarlle algo de "ferro" a aquela vida tan escrava do entón campesiño quero terminar relatando unha curiosa anécdota ocorrida nunha casa de Visantoña por aqueles tempos por culpa da pedra do trigo.

A miseria que había na maior parte das casas de labradores facía que non houbese caldeiros nin outros utensilios suficientes para destinar cada un deles a unha cousa distinta.

Pasou que nunha casa da nosa parroquia, unha muller tiña o costume de facerlle todas as mañás as sopas ao seu home para que este cando baixara á cociña almorzase tranquilamente. Pero un día cando ela entrou na cociña el xa tiña comido boa parte da cunca de sopas. Díxolle ela entón: “Ai fulano, e non sei se che faría hoxe as sopas na cunca onde moín a pedra do trigo!”. El parando de comer asustado díxolle a ela: “Ai fulana, recoño, como inche...!”. Iso de "como inche" tiña algo de lamento e á vez de desafío, pero afortunadamente todo quedou nun susto.

A frase de “Ai fulana, como inche!” quedou durante algún tempo como unha frase de risa por toda a parroquia de Visantoña.

“O pequeno comercio está desprotexido, é insostible manter rebaixas todo o ano”

Levan máis de vinte anos, concretamente 22, coas portas abertas; un aniversario que Perfumería Lyss celebra o 15 de marzo. Veñen de familia emprendedora e, precisamente iso, foi o que animou a Mari Carmen e a Ángeles a montar o seu propio negocio, un establecemento onde podemos atopar produtos de perfumería, cosmética, complementos e droguería. Recoñecen que o pequeno comercio non atravesa polo seu mellor momento e por iso, aínda que din sentirse optimistas, reivindican unha maior implicación tanto por parte das Administracións como por parte dos consumidores.

Ángeles e María del Carmen cumpren 22 anos ao fronte de Perfumería Lyss o 15 de marzo

- Que balance fan destes 22 anos?
- María del Carmen e Ángeles Sánchez (M.C./A.S.): Cremos que é un balance positivo. Agora estamos nunha época un pouco baixa, pero vemos que é algo xeral e tamén cíclico. Se botamos a vista atrás a experiencia é moi boa e a verdade é que non nos podemos queixar.

- Son máis de dúas décadas ao fronte de Perfumería Lyss, está claro que algo fixeron ben. Cal é o segredo?
- M.C./A.S.: Hai unha parte de traballo duro que comprende estar aquí as horas que corresponden, pero tamén levar o negocio para a casa. E logo hai outra parte de ilusión e constancia, non perder nunca a ilusión aínda que haxa días baixos. Hai que cambiar o chip, buscar ideas novas e ver sempre o lado positivo. Se un día vai regular xa virá outro mellor.

- O 15 de marzo celebran o seu 22 aniversario. Que teñen preparado?
- M.C./A.S.: Varias sorpresas e tamén algún que outro sorteo. Hai que estar atentos á nosa páxina de Facebook porque iremos publicando toda a información sobre as promocións que imos realizar.

- Dende o seu punto de vista como evolucionou este sector?
- M.C./A.S.: Vivimos un gran cambio, sobre todo a nivel competencia coa chegada das grandes áreas e agora con Internet. O cliente hoxe en día ten moita información a través de Internet, ten máis datos do produto que quere e moita variedade. E mudou tamén a forma de comprar. As formas de comprar evolucionaron de tal xeito que agora abonda con darlle a un botón e mercar a golpe de clic, e iso estanos levando a unha compra máis impulsiva. Antes parábaste máis a mirar e comprabas con ganas. Agora parece que se compra polo simple feito de comprar; comprar e cambiar, non como antes que comprabas algo que realmente che facía falta pero que tamén che gustaba. E como curiosidade, notamos tamén que cada vez hai máis homes que veñen a comprar, non só a comprar os seus produtos, senón tamén a facer a compra xeral para a casa.

- Mencionan vostedes a Internet como a gran competencia. Como se lle fai fronte? Ou como convive o pequeno comercio con esta nova forma de vender e mercar?
- M.C./A.S.: É moi difícil competir, así que postos a convivir podemos botar man das redes sociais, que hoxe en día son unha forma estupenda de promocionarse. O Facebook é un gran escaparate para que a xente vexa o que temos, e tamén nos permite chegar a máis sitios.

- Como ven o pequeno comercio?
- M.C./A.S.: Desprotexido. Moi desprotexido e moi abandonado a nivel xeral, tanto por parte das institucións como do consumidor final. Todo o mundo di que se pechan os comercios morren os pobos, pero con dicir iso non se arranxa nada. Temos que involucrarnos todos un pouco máis. Se non te implicas de verdade e non imos ao comercio local, coas palabras non solucionamos nada. Cremos que é unha aposta que temos que facer entre todos, tanto Administracións como consumidores. E nós mesmos como comerciantes tamén debemos mercar a outros comercios. Un pobo faino a xente, e o que debemos facer é apoiarnos entre nós, non só de palabra, senón con feitos. E ademais hoxe en día temos grandes retos como o feito de que a xente vén a probar á tenda o que quere, e logo vai a compralo por Internet. Hai comerciantes que xa comezan a cobrar por probar, pero o ideal sería que non chegaramos a ese extremo.

- Como debe chegar esa implicación por parte das Administracións?
- M.C./A.S.: Ademais de realizando campañas, reducindo impostos, iso en primeiro lugar. E despois regulando o sector doutra forma. Nós estariamos de acordo en regular o tema das rebaixas, está claro que non podemos competir cos grandes, pero non se pode estar todo o ano con descontos e promocións. Para o pequeno comercio é insostible. Habería que facer as rebaixas no seu momento, e está ben que haxa descontos puntuais, pero todo un ano con rebaixas é insostible. E é preciso prestar máis atención ao tema da competencia desleal, sen ir máis lonxe no mercadillo dos domingos coas falsificacións que se venden por exemplo. A nós no noso pobo non nos gusta ver iso. De toda a vida houbo mercado, pero debería ser unha competencia en igualdade de condicións para todos, e en vez diso nunca houbo interese por parte de ningún goberno local en regular dita situación. Dende os Concellos deberían implicarse no tema da competencia desleal. Como se pode estar permitindo algo que é ilegal? Pois mirando para outro lado, pasando; é *pasotismo* de quen de verdade debe implicarse, e os que protestamos xa estamos cansos de repetir sempre o mesmo, non nos fan caso. E o mesmo ocorre cos pequenos roubos en tenda.

- Os pequenos roubos...?
- M.C./A.S.: Si, deberían cambiar esa lei. Que é iso de que se non pasa de 400 euros non é delito? A nós fainos perder sexa da forma que sexa, e quen rouba máis ou menos de 400 euros estase apropiando de algo que non é seu. Pois iso non debería ser así, porque para nós si que é un roubo coa súa consecuente perda. É outra das grandes problemáticas que prexudica ao sector.

- Para rematar, veñen de participar no Mercamelide, que balance fan?
- M.C./A.S.: En xeral bo. Todas as ideas que se leven a cabo, como o Mercamelide por exemplo, axudan ao sector porque potencian que a xente nos coñeza. Iso si, igual deberiamos sacarlle máis partido aos domingos. Aquí xa temos que traballar ese día, e na contorna os domingos está todo pechado, así que igual se debería buscar a fórmula de sacarlle máis proveito a esa particularidade, ben fose con actividades, con música, publicidade, animación, como fose.

Perfumería Lyss
Tlf: 680 60 99 45
Ronda Coruña, 44
Perfumeria Lyss Melide

Descuentos especiales
en determinados
audífonos

Visítanos y te
explicamos las
condiciones

SIEMENS

Encuéntranos en Plaza das Universidades, 5, bajo, en **Melide**.

O llámanos y solicita tu primera consulta gratis
981 50 62 28

CLÍNICA MÉDICA
RosalmaR

Revisiones auditivas realizadas en **colaboracion** con
Audinor
CENTROS AUDITIVOS
Registro Sanitario: E-27000375

Hemos cuidado la audición de tus abuelos y de tus padres.
Ahora cuidamos la tuya.
En Lugo desde 1990.